PLEB 5.4	Na propia lingua, identifica aspectos socioculturais básicos e visibles dos países nos que se fala a lingua estranxeira, comparando diversas culturas e evitando estereotipos e valoracións etnocéntricas.	Na propia lingua, identifica en ocasións, aspectos socioculturais básicos e visibles dos países nos que se fala a lingua estranxeira, comparando diversas culturas e evitando estereotipos e valoracións etnocéntricas.	Na propia lingua, identifica apenas aspectos socioculturais básicos e visibles dos países nos que se fala a lingua estranxeira, comparando con dificultade diversas culturas co fin de evitar estereotipos e valoracións etnocéntricas.	Na propia lingua, non identifica aspectos socioculturais básicos e visibles dos países nos que se fala a lingua estranxeira, comparando diversas culturas e evitando estereotipos e valoracións etnocéntricas.
PLEB 5.5	Nas actividades de aula utiliza, para a comprensión e a elaboración de textos, o coñecemento adquirido noutras linguas sobre elementos morfolóxicos, sintácticos e discursivos.	Nas actividades de aula, utiliza nalgunhas ocasións, para a comprensión e elaboración de textos, o coñecemento adquirido noutras linguas sobre elementos morfolóxicos, sintácticos e discursivos.	Nas actividades de aula, apenas utiliza para a comprensión e elaboración de textos, o coñecemento adquirido noutras linguas sobre elementos morfolóxicos, sintácticos e discursivos.	Nas actividades de aula non utiliza, para a comprensión e a elaboración de textos, o coñecemento adquirido noutras linguas sobre elementos morfolóxicos, sintácticos e discursivos.
PLEB 5.6	Comunica con eficacia, comprendendo e utilizando adecuadamente as estruturas morfosintácticas básicas para realizar as funcións comunicativas propias do seu nivel, e estratexias de comunicación e de redundancia do significado.	Comunica con relativa eficacia, comprendendo e utilizando nalgunhas ocasións as estruturas morfosintácticas básicas para realizar as funcións comunicativas propias do seu nivel, e estratexias de comunicación e de redundancia do significado.	Comunica con escasa eficacia, comprendendo e utilizando en certas ocasións as estruturas morfosintácticas básicas para realizar as funcións comunicativas propias do seu nivel, e estratexias de comunicación e de redundancia do significado.	Non comunica con eficacia, non comprende nin utiliza adecuadamente as estruturas morfosintácticas básicas para realizar as funcións comunicativas propias do seu nivel, e estratexias de comunicación e de redundancia do significado.
PLEB 5.7	Coñece e utiliza un vocabulario oral e escrito básico e suficiente para comprender e elaborar textos sinxelos propios do seu nivel educativo.	Coñece algún vocabulario oral e escrito básico e suficiente para comprender e elaborar textos sinxelos propios do seu nivel educativo.	Coñece certo vocabulario oral e escrito básico e suficiente para comprender e elaborar textos sinxelos propios do seu nivel educativo.	Non coñece nin utiliza un vocabulario oral ou escrito básico e suficiente para comprender e elaborar textos sinxelos propios do seu nivel educativo.
PLEB 5.8	Participa en proxectos nos que se utilizan varias linguas e relacionados cos elementos transversais, evita estereotipos lingüísticos ou culturais, e valora as competencias que posúe como persoa plurilingüe.	Participa dalgún xeito en proxectos nos que se utilizan varias linguas e relacionados cos elementos transversais, evita algúns estereotipos lingüísticos ou culturais e valora relativamente as competencias que posúe como persoa	Participa en certos proxectos nos que se utilizan varias linguas e relacionados cos elementos transversais, nalgún caso evitando estereotipos lingüísticos ou culturais e valorando as competencias que posúe como persoa plurilingüe.	Non participa en proxectos nos que se utilizan varias linguas e relacionados con elementos transversais, evita estereotipos lingüísticos ou culturais e valora as competencias que posúe como persoa plurilingüe.

		plurilingüe.		
--	--	--------------	--	--

f. ESTÁNDARES DE APRENDIZAXE

Descrición dos estándares de aprendizaxe avaliáveis

BLOQUE 1. COMPRESIÓN DE TEXTOS ORAIS	
PLEB 1.1	Comprende fórmulas básicas de relación social para iniciar e terminar o discurso e expresar benvidas, desculpas e agradecementos, e identifica a relación de formalidade entre as persoas interlocutoras e o propósito comunicativo.
PLEB 1.2	Comprende instrucións e textos breves e sinxelos producidos en contextos reais e simulados, articulados con claridade, ritmo pausado e acentuación estándar, que conteñan vocabulario relativo a lugares, persoas, obxectos, acontecementos e accións ligados a temas sinxelos e habituais na súa idade e no seu contexto escolar.
PLEB 1.3	Comprende o esencial en situacións de comunicación, cara a cara ou gravadas, nas que se utilicen frases moi sinxelas sobre temas habituais para a súa idade e o seu nivel escolar, que se refiran aos ámbitos persoal público e educativo, sempre que se fale pausadamente e con claridade, e se poida escoitar máis dunha vez.
PLEB 1.4	Distingue, co apoio da imaxe, as ideas principais e información relevante en presentacións sobre temas educativos que estea a aprender, profesionais moi sinxelos ou do seu interese inmediato (por exemplo, sobre un tema curricular ou unha profesión).
PLEB 1.5	Identifica o sentido xeral e os puntos principais dunha conversa informal espontánea, relacionada coas actividades de aula, e de simulacións sobre temas cotiáns e de interese persoal con diversos fins comunicativos, se a produción é articulada con claridade e cunha velocidade media, pero con pausas.
PLEB 1.6	Comprende, nunha conversa informal na que participa, descrições, narracións, peticións de información e expresión dos gustos sobre asuntos prácticos da vida diaria e sobre temas do seu interese, cando se lle fala con claridade, amodo e directamente, e se a persoa interlocutora está disposta a repetir ou a reformular o dito.
PLEB 1.7	Identifica a información esencial de mensaxes sinxelas emitidas por medios audiovisuais sobre temas concretos e coñecidos (tempo atmosférico, noticias presentadas con imaxes moi redundantes, etc.) e sobre transaccións habituais de bens e servizos, pronunciadas con lentitude e claridade, aínda que deba escoitalas máis dunha vez.

BLOQUE 2. PRODUCCIÓN DE TEXTOS ORAIS: EXPRESIÓN E INTERACCIÓN	
PLEB 2.1	Interactúa nas actividades de aula a maioría das veces ou intervén na lingua estranxeira, cunha pronuncia comprensible, e persevera no seu uso aínda que cometa erros e teña que pedir axuda ou aclaracións.
PLEB 2.2	Amosa unha actitude positiva polo uso da lingua estranxeira en diferentes situacións comunicativas, e manifesta interese e respecto polas achegas dos seus compañeiros e das súas compañeiras.
PLEB 2.3	Fai presentacións breves e ensaiadas, ben estruturadas e con apoio visual (por exemplo, transparencias de PowerPoint), que lle permitan ilustralas con imaxes e seguir un guión sobre aspectos concretos e sinxelos de temas do seu interese ou relacionados cos seus estudos ou a súa ocupación, e responde a preguntas breves e sinxelas de oíntes sobre o contido destas.
PLEB 2.4	Desenvólvese correctamente en xestións e transaccións cotiás, como son as viaxes, o aloxamento, o transporte, as compras e o lecer, seguindo normas de cortesía básicas (saúdo e tratamento), sempre que a persoa interlocutora coopere, falando amodo e con claridade, e repetindo ou reformulando.
PLEB	Participa en conversas informais cunha pronuncia comprensible cara a cara, por teléfono ou por

2.5	outros medios técnicos, nas que establece contacto social, intercambia información e expresa opinións e puntos de vista, fai invitacións e ofrecementos, pide e ofrece cousas, pide e dá indicacións ou instrucións, ou discute os pasos que hai que seguir para realizar unha actividade conxunta.
PLEB 2.6	Colabora coas demais persoas na interacción, verificando a comprensión propia e a das demais persoas mediante estratexias de compensación lingüísticas e non verbais, e cooperando activamente na realización das tarefas de comunicación, e manifesta interese e respecto polas achegas do seus compañeiros e das súas compañeiras.
PLEB 2.7	Toma parte nunha conversa formal ou entrevista moi sinxela de carácter educativo ou ocupacional moi habitual e traballado previamente, intercambiando información suficiente e básica de carácter persoal e sobre hábitos, gustos ou estudos, preguntando sobre problemas prácticos e reaccionando de forma sinxela ante comentarios, sempre que poida pedir que se lle repitan os puntos clave se o necesita, e se o interlocutor coopera, falando amodo e con claridade, repetindo ou reformulando.

BLOQUE 3. COMPRENSIÓN DE TEXTOS ESCRITOS	
PLEB 3.1	Segue, con axuda da imaxe, instrucións sinxelas de funcionamento e manexo de aparellos electrónicos ou de máquinas de uso común e coñecidos, así como instrucións básicas e predicibles para a realización de actividades e normas de seguridade (por exemplo, manexo dun móbil ou prevención de riscos nunha excursión).
PLEB 3.2	Entende os puntos principais de anuncios e material publicitario de revistas propias da súa idade ou de internet, formulados de xeito simple e claro, e relacionados con asuntos do seu interese, nos ámbitos persoal e educativo e ocupacional moi básico.
PLEB 3.3	Entende información específica esencial en páxinas web e outros materiais de referencia ou consulta claramente estruturados e nun rexistro estándar e con imaxes ilustrativas redundantes sobre temas relativos a materias educativas, ou do seu interese (por exemplo, sobre un tema curricular, un programa informático, unha cidade, un deporte ou o ambiente), sempre que poida reler as seccións difíciles.
PLEB 3.4	Comprende correspondencia persoal en calquera formato e en rexistro estándar na que, de xeito sinxelo e básico, se fale de si mesmo/a; se describan persoas, obxectos e lugares; se narren acontecementos pasados, presentes e futuros, reais ou imaxinarios; se expresen sentimentos, desexos e opinións sobre temas xerais, coñecidos ou do seu interese.
PLEB 3.5	Entende información básica de correspondencia formal na que se informa sobre asuntos do seu interese no contexto persoal, educativo ou ocupacional (por exemplo, sobre un curso de idiomas ou unha compra por internet).
PLEB 3.6	Comprende con fluidez textos de historias de ficción adaptados para o seu nivel.

BLOQUE 4. PRODUCCIÓN DE TEXTOS ESCRITOS: EXPRESIÓN E INTERACCIÓN	
PLEB 4.1	Utiliza estratexias que faciliten o proceso de escritura: segue modelos de textos de características similares, planifica o texto, elabora un borrador, corrixe tanto a ortografía como a orde das ideas e das palabras, etc.
PLEB 4.2	Escrebe textos moi breves en formato convencional con información sinxela e relevante sobre feitos moi coñecidos e habituais no ámbito educativo, describindo de xeito sinxelo situacións, persoas, obxectos e lugares.
PLEB	Completa un cuestionario sinxelo con información persoal e relativa aos seus datos, aos seus intereses ou ás súas afeccións.

4.3	
PLEB 4.4	Escrebe notas, anuncios e mensaxes breves en soporte impreso e dixital, en situacións de comunicación reais ou simuladas, relacionados con actividades e situacións da vida cotiá e do seu interese persoal, ou sobre temas de actualidade de especial relevancia e facilmente comprensibles para a súa idade, respectando as convencións e as normas de cortesía, tamén cando se utilizan as redes sociais.
PLEB 4.5	Escrebe correspondencia persoal na que se establece e mantén o contacto social, se intercambia información sobre si mesmo/a e a súa vila (por exemplo), se describen en termos sinxelos sucesos importantes e experiencias persoais (por exemplo, unhas vacacións), se dan instrucións sinxelas, se fan e aceptan ofrecementos e suxestións (por exemplo, cancelación, confirmación ou modificación dunha invitación ou duns plans) e se expresan opinións de xeito sinxelo.
PLEB 4.6	Fai unha presentación coidada dos textos escritos, en soporte impreso e dixital, utilizando correctamente as convencións ortográficas e os signos de puntuación.

BLOQUE 5. COÑECEMENTO DA LINGUA E CONSCIENCIA PLURILINGÜE E INTERCULTURAL	
PLEB 5.1	Utiliza a lingua estranxeira na maioría das súas intervencións nas actividades de aula, e na participación en simulacións con diversos fins comunicativos, facéndose comprender, producindo con suficiencia discriminativa trazos fonéticos significativos que distinguen fonemas (nasalización, sonorización, etc.), e recoñecendo e producindo comprensiblemente patróns básicos de ritmo, entoación e acentuación de palabras e frases.
PLEB 5.2	Escrebe cun dominio ortográfico suficiente para facer comprensible os textos, sen cometer erros moi básicos sobre as regularidades ortográficas máis relevantes.
PLEB 5.3	Utiliza as convencións básicas propias da lingua estranxeira no desenvolvemento do proceso comunicativo (saúdos, rutinas para iniciar ou manter a quenda de palabra, fórmulas orais breves para manter a atención, etc.)
PLEB 5.4	Na propia lingua, identifica aspectos socioculturais básicos e visibles dos países nos que se fala a lingua estranxeira, analizándoos comparativamente coas diversas culturas, de ser o caso, do resto do alumnado, e evitando estereotipos e valoracións etnocéntricas.
PLEB 5.5	Nas actividades de aula utiliza, para a comprensión e a elaboración de textos, o coñecemento adquirido noutras linguas sobre elementos morfolóxicos, sintácticos e discursivos, así como os procesos de realización das actividades lingüísticas de comprensión e produción.
PLEB 5.6	Comunica con eficacia, comprendendo e utilizando adecuadamente as estruturas morfosintácticas básicas para realizar as funcións comunicativas propias do seu nivel, e estratexias de comunicación e de redundancia do significado (imaxes e elementos paralingüísticos, cuasilingüísticos básicos e paratextuais).
PLEB 5.7	Coñece e utiliza un vocabulario oral e escrito básico e suficiente para comprender e elaborar textos sinxelos propios do seu nivel educativo.
PLEB 5.8	Participa en proxectos (elaboración de materiais multimedia, folletos, carteis, recensión de libros e películas, obras de teatro, etc.) nos que se utilizan varias linguas e relacionados cos elementos transversais, evita estereotipos lingüísticos ou culturais, e valora as competencias que posúe como persoa plurilingüe.

2º ESO

g. Grao mínimo de consecución dos contidos de segundo da ESO (primeira lingua)

g. 1. Vocabulario

- House, animals, towns and sport
- School subjects and materials
- Accidents and events
- Adjectives related to places and experiences
- Weather and family vocabulary
- Crimes and criminals
- Transport

g.2. Gramática

- Possessive adjectives , object personal pronouns, saxon genitive
- Verb *to be* and *have got*
- *Present Simple* and *Present Continuous (contrast)*. *Frequency adverbs and time expressions:*
- *There is/are. Articles and quantifiers.(Countable and uncountable) a/an/some/any/ How many/how much*
- *Past simple, used to*
- Comparison of adjectives and superlative
- Past simple (regular and irregular)
- Adverbs of manner
- *Past Simple (regular and irregular verbs): afirmativo, negativo, interrogativo, respostas curtas.*
- *Past Continuous*
- Contrast *Past Simple* e o *Past Continuous*.
- *Will/Going to/present. continuous (future)*

g.3. Funcións comunicativas da lingua

- Presentacións
- Dar información persoal
- Horarios e plans
- Gustos e preferencias
- Acordo e desacordo
- Peticións e resposta ás peticións
- Falar do tempo
- Consellos
- Mensaxes
- Ofrecementos e peticións de axuda
- Predicións

g.4. Compresión oral e lectora

- Compresión de textos e audios adaptados ao nivel de segundo da ESO sobre os temas de vocabulario tratados ao longo do curso de natureza diversa.

g.5. Expresión escrita

Produción de textos sinxelos e orixinais, empregando unha puntuación, gramática e vocabulario axeitados, con boa presentación e uso de parágrafos e conectores (*and, but, or, because, when, first, second, then, later, too, also, finally, so*) sobre os seguintes temas:

- Describir a unha persoa e falar sobre as súas rutinas persoais
- Descrición eventos pasados
- Descrición dos animais
- Descrición fotografía
- Cartas e e-mails informais
- Textos dialóxicos.
- Textos narrativos
- Facer unha predición

e. 6 Phonetics:

Familiarizarse con:

- Vowel and consonant sounds
- Stress
- /id//t/ /d/ no pasado
- -s ou -es en plurais e 3º do singular no presente

h. PROCEDIMENTOS, INSTRUMENTOS E CRITERIOS DE CUALIFICACIÓN

PROCEDEMENTOS DE AVALIACIÓN

- F. OBSERVACIÓN DIRECTA E SISTEMÁTICA : Isto permítenos observar e avaliar aos alumnos. A participación nas actividades diarias, interacción e traballo en equipo, e a actitude na materia e prestando especial atención aos distintos estándares de aprendizaxe.
- G. ANÁLISIS DAS TAREFAS E PRODUCCIÓN DOS ALUMNOS: Recolleremos as tarefas que se lles encomende e levaremos un rexistro das mesmas. Isto é importante para identificar a situación persoal de cada alumno e proporciona información adicional das súas necesidades.
- H. PRODUCCIÓN ORAL : Preguntas, debates, diálogos y participación nas actividades da clase.
- I. TESTS ESPECÍFICOS : Tests orais , escritos....
- J. AUTOAVALIACIÓN : Os alumnos deberán ter a habilidade de expresar as súas propias opinións sobre as dificultades que atopan no proceso da aprendizaxe e concienciarse dos erros que van cometendo e o xeito de resolvelos.

INSTRUMENTOS DE AVALIACIÓN

- E. TEST INICIAL : Permitiranos diagnosticar a cada alumno e alumna e saber dende onde parte cada un deles. Axudaranos a facer a programación do curso e a establecer una referencia do grupo.
- F. AVALIACIÓN FORMATIVA: O profesor fará un rexistro de clase no que aparecerá a actuación de cada alumno en relación cos bloques de contidos recollidos nesta programación.
- G. AVALIACIÓN ACUMULATIVA : Pensados para avaliar o nivel de asimilación dos contidos específicos e deben ser fieis a metodoloxía empregada no proceso. Na nota final valorarase a actitude e o esforzo de alumno ou alumna ao longo do curso.
- H. TRATAMENTO DE FOMENTO DA LECTURA

ACCIÓNES PREVISTAS DE ACORDO CO PLAN LECTOR : Proporase unha relación de títulos de lecturas graduadas dos que os alumnos deberán elixir un do que serán avaliados no segundo ou terceiro trimestre cun control de comprensión . Estas lecturas son obrigatorias e formarán parte esencial na nota final (un 10% da nota final). A relación destas lecturas constará no libro de actas do departamento.

2ºESO CRITERIOS DE CUALIFICACIÓN E PROMOCIÓN

En cada avaliación aplicaranse os seguintes criterios:

1. ACTITUDE E TRABALLO: 10% da nota.

que inclúe:

- **Actitude, amosando tolerancia e respecto**, tanto na aula coma nas horas co auxiliar de conversa, a participación e atención , o esforzo polo emprego da lingua inglesa , (dependendo do seu nivel de adquisición), **o traballo feito na aula e na casa xunto co esforzo** (neste apartado inclúese tanto o traballo de reforzo coma de "extensión" do alumnado, que aparece no apartado de atención á diversidade).

2. EXAME DE AVALIACIÓN : 90% da nota.

Nota do **exame de avaliación**, que incluírá todas as destrezas e estará distribuído da seguinte maneira:

-10% : reading comprehension

-10% : listening comprehension

-20%: writing

-40% : grammar, vocabulary.

-10%: speaking

Co propósito de facer un seguimento continuado do alumnado no marco das actuais circunstancias e despois do carácter anómalo do curso pasado, faremos pequenas probas **escritas ou orais** das distintas unidades (vocabulario, gramática, comprensión oral e escrita). Estas probas estarán distribuídas ó longo dos trimestre que formarán parte da nota da avaliación.

Para poder acadar o aprobado na avaliación, non poderán ter menos dun 3 en dúas destrezas.

3. LIBRO DE LECTURA: O alumnado deberá elixir de entre unha lista que se lle ofrecerá, **unha lectura en inglés adaptada** ao seu nivel e da que serán avaliados por medio dunha proba escrita que se incorporará na nota da destreza de Reading.

4. AVALIACIÓN CONTINUA

-Como a avaliación é continua, **non haberá exame de recuperación**. Os exames de cada avaliación incluírán sempre a materia das anteriores.

A nota do final do curso do alumnado será a que resulte tendo en conta as seguintes porcentaxes:

1ª avaliación: contará un 20%

2ª avaliación: 30%

3ª avaliación: 50%

-Tendo en conta as características especiais dalgúns alumnos e alumnas do noso centro (alumnado con ACI, pouco motivados, ou con pouco o nulo interese pola materia) a avaliación farase tendo tamén en conta esta situación , valorando pequenos esforzos ou calquera actitude positiva de cara a materia.

Exame extraordinario de xuño: O exame consistirá só nunha proba escrita, onde se valorarán as competencias en :

Gramática e vocabulario: 60%

Writing: 20%

Reading: 20%

i. METODOLOXÍA

No proceso de ensino-aprendizaxe da lingua estranxeira, os estudantes presentan diferentes capacidades, diferentes niveis de competencia comunicativa e diferentes intereses. Consecuentemente, non empregaremos un enfoque metodolóxico único, senón un enfoque ecléctico co que intentaremos motivar aos alumnos e dar resposta á gran diversidade das aulas.

Mediante este enfoque ecléctico, o profesor intentará formular estratexias metodolóxicas que propicien a adquisición da lingua estranxeira, empregando os enfoques que mellor se axeiten ás necesidades e características dos seus grupos e estudantes.

Ao longo da historia, téñense producido diversos enfoques metodolóxicos no ámbito da aprendizaxe de linguas estranxeiras:

- **Grammar-Translation Method**

Os alumnos deben reflexionar sobre o funcionamento da lingua e memorizar as normas de uso da gramática e o vocabulario. A tradución de textos é o medio para aprender a lingua estranxeira e a meta en sí mesma.

Aínda que este enfoque se centra exclusivamente na linguaxe escrita e nos aspectos formais da lingua, deixando de lado os aspectos máis comunicativos do idioma, unha certa reflexión sobre o funcionamento da lingua meta e a memorización de vocabulario é necesaria por parte dos estudantes, pois permitiralles contar con recursos que ampliarán e mellorarán a súa capacidade comunicativa.

- **Audiolingual Method**

Tomando como base as teorías conductistas, este método propón a aprendizaxe da lingua estranxeira a través da repetición e a práctica mecánica de estruturas lingüísticas, co propósito de automatizalas. As regras gramaticais son inferidas, aprendidas de maneira intuitiva. O enfoque é fundamentalmente oral.

Aínda que non se pode centrar a metodoloxía na repetición exclusivamente, caendo na monotonía, pois o propósito é motivar aos alumnos e que eles se desenvolvan en situacións comunicativas, certo grao de repetición de estruturas pode axudar a internalizar a lingua estranxeira e ás veces a intuición das normas gramaticais pode dar lugar a aprendizaxe significativa.

- **Enfoque comunicativo**

O coñecemento dos aspectos gramaticais da lingua queda en segundo plano, pois segundo este enfoque, o importante é participar en situacións comunicativas nas que se usan as catro destrezas para cumprir propósitos comunicativos reais. A comunicación é un proceso que se leva a cabo cun propósito concreto, cuns interlocutores concretos, nunha situación concreta; as aulas de inglés como lingua estranxeira deben reproducir eses elementos e facer que os alumnos poidan desenvolver o coñecemento da lingua a través de situación comunicativas.

O enfoque comunicativo non debe faltar no ensino da lingua estranxeira; é máis, debe de ser un dos enfoques principais: o inglés debe de ser un vehículo de comunicación na clase e non só o obxecto de estudo. Así, nas clases de inglés os alumnos non só memorizarán normas e vocabulario, senón que empregarán os seus coñecementos para negociar o significado en situacións comunicativas en parellas, grupos pequenos, gran grupo, etc.

- **Task-based approach (aprendizaxe por tarefas ou proxectos)**

Dentro do enfoque comunicativo, a aprendizaxe por tarefas consiste no uso de tarefas específicas como unidade de planificación do ensino da lingua estranxeira. O propósito é promover a aprendizaxe do idioma estranxeiro a través de actividades que resulten significativas para os estudantes. Así pois, a tarefa deixa de lado o ensino formal da lingua, creando un método máis natural que da lugar a situacións comunicativas. A aprendizaxe da lingua estranxeira incorpora contidos doutras materias e campos do saber, xeralmente a través de tarefas ou proxectos de investigación.

- **Whole language teaching (ensino integral da lingua)**

Un dos principios fundamentais deste enfoque metodolóxico é que a lingua estranxeira non se estude en partes específicas para logo comprender o todo, senón que se proceda do todo ás partes, por exemplo, empezando por textos completos para logo proceder ao estudo das partes.

Dentro do enfoque ecléctico que queremos aplicar na nosa metodoloxía, o repertorio de papeis que o profesor debe desempeñar é diverso: analizar as necesidades dos estudantes, crear situacións comunicativas, organizar actividades, asesorar aos alumnos, participar como un compañeiro máis, observar en silencio o desenvolvemento das tarefas, fomentar a cooperación entre os alumnos, etc.

Finalmente, o ensino da lingua estranxeira debe de estar orientado en todo momento a desenvolver as no alumno as capacidades que conduzan a **Educación Permanente (Lifelong Learning)**, de maneira que a aprendizaxe da lingua estranxeira non remate coa educación académica, senón que se desenvolva en outras areas da vida dos alumnos e se prolongue ao longo do tempo. Deste xeito, o ensino da lingua estranxeira deberá proporcionarlles aos estudantes as técnicas, estratexias e habilidades necesarias para poder aprender a lingua estranxeira pola súa conta, en entornos que non sexan puramente académicos, e ao longo das súas vidas. Tentaremos que os alumnos se responsabilicen da súa propia aprendizaxe e se sintan en control do proceso, emocionándose coa idea de que ese proceso de mellora pode estenderse ao longo da vida e que está nas súas mans.

- j. **Materiais e recursos didácticos**

O libros de texto e os cadernos de exercicios que se empregarán en segundo da ESO serán *New English in Use e Way to English, Student's Book, Burlington Books e Workbook non caso dos grupos non bilingües, Burlington Books.*

Ademais, utilizaremos materiais audiovisuais de natureza diversa e propiciaremos na medida en que sexa posible o uso das TIC e os recursos que internet fornece: blogs, dicionarios online, wikis, chats, webquests, etc.

7. 3º da ESO

a. Contidos sintáctico-discursivos de terceiro da ESO

- Expresión de relacións lóxicas: conxunción (*and, too, also*); disxunción (*or*); oposición (*but*); causa (*because (of); due to*); finalidade (*to + infinitive; for*); comparación (*as/not so +Adj.+ as; more comfortable/ quickly, faster (than); the fastest*); resultado (*so...*); condición (*if; unless*).
- Relacións temporais (*as soon as; while*).
- Afirmación (*affirmative sentences; tags*)
- Exclamación (*What + (Adj. +) noun, e. g. What a wonderful holiday!; How + Adj., e. g. How interesting!; exclamatory sentences and phrases, e. g. Well, that is a surprise! Fine! Great!*).
- Negación (*negative sentences with not, never, non (Noun, e. g. no problem), nobody, nothing; negative tags*).
- Interrogación (*Wh- questions; Aux. Questions; What is this for?; tags*).
- Expresión do tempo: pasado (*past simple and continuous; present perfect; past perfect*); presente (*present simple and continuous*); futuro (*going to; will; present simple and continuous + Adv.*).
- Expresión do aspecto: puntual (*simple tenses*); durativo (*present and past simple/perfect; and future continuous*); habitual (*simple tenses (+ Adv., e. g. usually); used to*); incoativo (*start -ing*); terminativo (*stop -ing*).
- Expresión da modalidade: factualidade (*declarative sentences*); capacidade (*can*);

be able); posibilidade/probabilidade (*may; might; perhaps*); necesidade (*must; need; have (got) to*); obriga (*have (got) to; must; imperative*); permiso (*could; allow*); intención (*present continuous*).

- Expresión da existencia (e. g. *there will be/has been*); a entidade (*count/uncount/collective/compound nouns; pronouns (relative, reflexive/emphatic); determiners*); a calidade (e. g. *good at maths; rather tired*).
- Expresión da cantidade (*singular/plural; cardinal and ordinal numerals. Quantity: e. g. all (the), most, both, none. Degree: e. g. really; quite; so; a little*).
- Expresión do espazo (*prepositions and adverbs of location, position, distance, motion, direction, origin and arrangement*).
- Expresión do tempo (*points (e. g. five to (ten)); divisions (e. g. century; season), and indications (ago; early; late) of estafe; duration (from...to; during; until; since); anteriority (already; (not) yet); posteriority (afterwards; later); sequence (first, next, last); simultaneousness (while, as); frequency (e. g. often, usually*).
- Expresión do modo (*Adv. and phrases of manner, e. g. easily; by post*).
- *Make e do*.

3º ESO

b. Descrición dos contidos

BLOQUE 1: COMPRENSIÓN DE TEXTOS ORAIS	
Bloque	Contido
B1.1	<p>Estratexias de comprensión:</p> <ul style="list-style-type: none"> – Mobilización de información previa sobre o tipo de tarefa e o tema. – Identificación do tipo textual, adaptando a comprensión a el. – Distinción de tipos de comprensión (sentido xeral, información esencial, puntos principais e detalles relevantes). – Formulación de hipóteses sobre contido e contexto. – Inferencia e formulación de hipóteses sobre significados a partir da comprensión de elementos significativos, lingüísticos e paralingüísticos. – Reformulación de hipóteses a partir da comprensión de novos elementos. – Adaptación da escoita á súa finalidade (global e/ou específica). – Inferencia do significado probable das palabras ou frases que descoñece.
B1.2	Tolerancia da comprensión parcial ou vaga nunha situación comunicativa.
B1.3	Perseveranza no logro da comprensión oral, reescoitando o texto gravado ou solicitando repetición ou reformulacións do dito.

BLOQUE 2: PRODUCCIÓN DE TEXTOS ORAIS: EXPRESIÓN E INTERACCIÓN	
Bloque	Contido
B2.1	<p>Estratexias de produción:</p> <ul style="list-style-type: none"> – Planificación: – Identificación do contexto, o destinatario e a finalidade da produción ou da interacción. – Adecuación do texto ao destinatario, ao contexto e á canle, aplicando o rexistro e a estrutura de discurso adecuados a cada caso, e escollendo os expoñentes lingüísticos necesarios para lograr a intención comunicativa. – Execución: – Concepción da mensaxe con claridade, distinguindo a súa idea ou ideas principais, e a súa estrutura básica. – Activación dos coñecementos previos sobre modelos e secuencias de interacción, e elementos lingüísticos previamente asimilados e memorizados. – Expresión da mensaxe con claridade e coherencia, estruturándoa adecuadamente e axustándose, de ser o caso, aos modelos e ás fórmulas de cada tipo de texto. – Reaxuste da tarefa (emprender unha versión máis modesta dela) ou da mensaxe (facer concesións no que realmente lle gustaría expresar), tras valorar as dificultades e os recursos lingüísticos dispoñibles. – Apoio e aproveitamento máximo dos coñecementos previos. – Compensación das carencias lingüísticas mediante procedementos lingüísticos e paralingüísticos. – Lingüísticos: <ul style="list-style-type: none"> – Modificación de palabras de significado parecido. – Definición ou paráfrase dun termo ou expresión. – Petición de axuda ou clarificación. – Paralingüísticos: <ul style="list-style-type: none"> – Sinalación de obxectos, uso de deícticos ou realización de accións que aclaran o significado. – Usar elementos cuasiléxicos (hum, puah, etc.) de valor comunicativo. – Usar os elementos prosódicos (pausas, ritmo e entoación) como substitutos dos marcadores discursivos para indicarlle á persoa destinataria ou oínte as partes do discurso que deben ser cointerpretadas.
B2.2	Rutinas ou modelos de interacción básicos segundo o tipo de situación de comunicación propia da súa idade e do seu nivel escolar.
B2.3	Uso da quenda de palabra con indicadores básicos e máis habituais de que se quere falar, e de recoñecemento do desexo de falar das demais persoas.
B2.4	Actitude de respecto cara a si mesmo/a e cara ás demais persoas para comprender e facerse comprender.

BLOQUE 3: COMPRESIÓN DE TEXTOS ESCRITOS	
Bloque	Contido
B3.1	<p>Estratexias de comprensión:</p> <ul style="list-style-type: none"> – Mobilización de información previa sobre o tipo de tarefa e tema. – Identificación do tipo de lectura demandado pola tarefa (en superficie ou oceánica, selectiva, intensiva ou extensiva). – Identificación do tipo textual (narrativo, descritivo, argumentativo e explicativo), adaptando a comprensión a el. – Distinción de tipos de comprensión necesarios para a realización da tarefa (sentido xeral, información esencial e puntos principais). – Formulación de hipóteses sobre o contido e o contexto. – Inferencia e formulación de hipóteses sobre significados a partir da comprensión de elementos significativos, lingüísticos e paratextuais. – Reformulación de hipóteses a partir da comprensión de novos elementos.
B3.2	Uso de técnicas como subliñar ou tomar notas para lograr unha mellor comprensión do contido e

	da estrutura do texto.
--	------------------------

BLOQUE 4: PRODUCCIÓN DE TEXTOS ESCRITOS: EXPRESIÓN E INTERACCIÓN	
Bloque	Contido
B4.1	<p>Estratexias de produción:</p> <ul style="list-style-type: none"> – Planificación: – Mobilización e coordinación das propias competencias xerais e comunicativas co fin de realizar eficazmente a tarefa (reparar o que se sabe sobre o tema, o que se pode ou se quere dicir, etc.). – Localización e uso adecuado de recursos lingüísticos ou temáticos (uso dun dicionario ou dunha gramática, obtención de axuda, etc.). – Execución: – Elaboración dun borrador. – Estructuración do contido do texto. – Organización do texto en párrafos abordando en cada un unha idea principal, conformando entre todos o seu significado ou a idea global. – Expresión da mensaxe con claridade axustándose aos modelos e ás fórmulas de cada tipo de texto. – Reaxuste da tarefa (emprender unha versión máis modesta) ou da mensaxe (facer concesións no que realmente lle gustaría expresar), tras valorar as dificultades e os recursos dispoñibles. – Apoio e aproveitamento máximo dos coñecementos previos (utilizar linguaxe "prefabricada", etc.). – Revisión: – Identificación de problemas, erros e repeticións. – Atención ás convencións ortográficas e aos signos de puntuación. – Presentación coidada do texto (marxes, limpeza, tamaño da letra, etc.). – Reescritura definitiva.
B4.2	Características textuais. Uso de recursos básicos para elaborar textos con coherencia, cohesión e adecuación, propios do seu nivel escolar.

BLOQUE 5: COÑECEMENTO DA LINGUA E CONSCIENCIA PLURILINGÜE E INTERCULTURAL	
Bloque	Contido
B5.1	<p>Patróns sonoros, acentuais, rítmicos e de entoación:</p> <ul style="list-style-type: none"> – Sons e fonemas vocálicos. – Sons e fonemas consonánticos e as súas agrupacións. – Procesos fonolóxicos básicos. – Acento dos elementos léxicos illados, e no sintagma e na oración.
B5.2	<p>Patróns gráficos e convencións ortográficas:</p> <ul style="list-style-type: none"> – Uso das normas básicas de ortografía da palabra. – Utilización adecuada da ortografía da oración: coma, punto e coma, puntos suspensivos, parénteses e comiñas.
B5.3	<p>Aspectos socioculturais e sociolingüísticos:</p> <ul style="list-style-type: none"> – Recoñecemento e uso de convencións sociais e normas de cortesía dos rexistros máis habituais, e da linguaxe non verbal habitual propia da cultura estranxeira. – Achegamento a aspectos culturais visibles próximos ao seus intereses (música, traballo, lecer, deportes, produción escrita, lugares, poboación, etc.), e a costumes, valores e actitudes máis evidentes relacionados con aspectos e contextos propios da súa idade, a través de producións multimedia e de manifestacións artísticas dos países onde se fala a lingua estranxeira. – Identificación dalgunhas similitudes e diferenzas significativas nos costumes cotiáns, e uso das formas básicas de relación social entre os países onde se fala a lingua estranxeira e o noso. – Actitude receptiva e respectuosa cara ás persoas, aos países e ás comunidades lingüísticas que falan outra lingua e teñen unha cultura diferente á propia.
B5.4	<p>Plurilingüismo:</p> <ul style="list-style-type: none"> – Recoñecemento da realidade multilingüe do propio contorno. – Recurso aos coñecementos sintáctico-discursivos da propia lingua para mellorar a aprendizaxe da

	<p>lingua estranxeira e lograr unha competencia comunicativa integrada.</p> <ul style="list-style-type: none"> – Participación en proxectos nos que se utilizan varias linguas e relacionados cos elementos transversais, evitando estereotipos lingüísticos ou culturais, e valorando positivamente as competencias que posúe como persoa plurilingüe.
B5.5	<p>Funcións comunicativas:</p> <ul style="list-style-type: none"> – Iniciación e mantemento de relacións persoais e sociais. – Descrición de calidades físicas e abstractas de persoas, obxectos, lugares e actividades. – Narración de acontecementos pasados puntuais e habituais, descrición de estados e situacións presentes, e expresión de sucesos futuros. – Petición e ofrecemento de información, indicacións, opinións e puntos de vista, consellos, advertencias e avisos. – Expresión do coñecemento, a certeza, a dúbida e a conxectura. – Expresión da vontade, a intención, a decisión, a promesa, a orde, a autorización e a prohibición. – Expresión do interese, a aprobación, o aprecio, a simpatía, a satisfacción, a esperanza, a confianza e a sorpresa, así como os seus contrarios. – Formulación de suxestións, desexos, condicións e hipóteses. – Establecemento e mantemento da comunicación e organización do discurso.
B5.6	<p>Léxico oral e escrito de uso común (recepción) relativo a identificación persoal; vivenda, fogar e contexto; actividades da vida diaria; familia e amizades; traballo e ocupacións; tempo libre, lecer e deporte; viaxes e vacacións; saúde e coidados físicos; educación e estudo; compras e actividades comerciais; alimentación e restauración; transporte; lingua e comunicación; ambiente, clima e ámbito natural; e tecnoloxías da información e da comunicación.</p> <ul style="list-style-type: none"> – Expresións fixas, enunciados fraseolóxicos, saúdos, despedidas, preguntas por preferencias e expresión de opinións. – Léxico sobre temas relacionados con contidos sinxelos doutras áreas do currículo.
B5.7	<p>Rutinas ou modelos de interacción básicos e habituais segundo o tipo de situación de comunicación, propia da súa idade e do seu nivel, ou modelos de interacción básicos e habituais segundo o tipo de situación de comunicación, propia da súa idade e nivel.</p>
B5.8	<p>Estruturas sintáctico-discursivas propias de cada idioma.</p>

c. SECUENCIACIÓN E TEMPORALIZACIÓN DE CONTIDOS

Trátase dunha temporalización adaptable ao perfil do grupo-clase pois pode ser utilizada de maneira simultánea con alumnos/as que presenten dificultades na aprendizaxe de idiomas, así como con aqueles que posúan coñecementos un pouco máis avanzados. Así mesmo, é adaptable ás propias preferencias e iniciativas tanto do profesor/a coma dos seus alumnos/as, e a propia evolución do curso.

1ª AVALIACIÓN	UNIDADE 1 SETEMBRO - OUTUBRO 12 SESIÓNS	
BLOQUE	CONTIDO	MATERIAL DE REFERENCIA
B1.1 - B1.3	<p>Listening</p> <ul style="list-style-type: none"> • Comprensión oral dunha conversa sobre unha viaxe. • Realización de varios exercicios para responder varias preguntas sobre o contido da conversa. • Lectura dun blog para realizar diferentes tipos de exercicios. • Comprensión da información clave do texto. 	1,2,3,4,5,6,7
B2.1 – B2.4	<p>Speaking</p> <ul style="list-style-type: none"> • Aplicación do vocabulario e da gramática vistos na unidade, e postos en práctica a través da expresión oral. • Práctica oral sobre exploradores co emprego da gramática e do vocabulario vistos. • Interacción oral co compañeiro/a para describir e adiviñar un explorador/a utilizando as expresións dadas. • Interacción oral con compañeiro/a para completar un cadro sobre unha viaxe utilizando o vocabulario aprendido. 	1,2,3,4,5,6,7
B3.1-B3.2	<p>Reading</p> <ul style="list-style-type: none"> • Lectura dun blog para realizar diferentes tipos de exercicios. • Comprensión da información clave do texto. <p><i>Extra reading: Sir Walter Raleigh</i></p> <ul style="list-style-type: none"> • Comprensión oral dunha conversa entre dous homes británicos do século XVI. • Comprensión dun texto escrito sobre a biografía do explorador inglés Sir Walter Raleigh. • Realización de varios exercicios para demostrar que se comprenderon os contidos. 	1,2,3,4,5,6,7
B4.1-B4.2	<p>Writing</p> <ul style="list-style-type: none"> • Análise da estrutura dos contidos dun texto narrativo anecdótico. 	1,2,3,4,5,6,7

	<ul style="list-style-type: none"> • Análise da ortografía, a gramática e a linguaxe típica empregada á hora de narrar unha anécdota: comiñas para citar, o <i>Past Simple</i> e o <i>Past Continuous</i>, e os conectores de secuencia <i>first of all, next, then after that, later, eventually, finally</i> e <i>in the end</i>. • Preparación antes de escribir un texto narrativo practicando a estrutura e a linguaxe típicas mediante a realización de varios exercicios. • <i>Writing Task</i>: produción dun texto narrativo seguindo os pasos facilitados no apartado <i>Writing</i>. 	
B5.1 - B 5.8	<p>Vocabulary</p> <ul style="list-style-type: none"> • Os sentimentos. • Comprensión e expresión oral de diferentes sentimentos a través da lectura dun blog. • Realización de diferentes exercicios para practicar o vocabulario aprendido. • Vocabulario relacionado coas viaxes. • Comprensión e expresión escrita dun cómic. • Identificación de expresións que se utilizan para referirse a situacións que se dan nas viaxes. <p>Grammar</p> <ul style="list-style-type: none"> • Estrutura e uso do <i>Past Simple</i> e <i>used to</i>. • Uso correcto da gramática que se ten visto ao longo da sección a través de distintas actividades. • Expresión de accións pasadas: o <i>Past Simple</i> e o <i>Past Continuous</i>. • Uso correcto da gramática que se ten visto ao longo da sección a través de distintas actividades. <p><i>Pronunciation</i></p> <ul style="list-style-type: none"> • Pronuncia correcta das sílabas das palabras. • Entoación correcta das oracións tendo en conta en que palabra recae o acento. <p><i>Focus on Functional Language</i></p> <ul style="list-style-type: none"> • Repaso da linguaxe utilizada para describir sentimentos. <p><i>Way to English</i>: Booking a flight e Hotel accomodation.</p> <ul style="list-style-type: none"> • Repaso do vocabulario e expresións típicas das conversas entre un/ha axente de viaxes e 	1,2,3,4,5,6,7

	<ul style="list-style-type: none"> • Interacción oral co compañeiro/a para facer e contestar preguntas utilizando as expresións aprendidas. • <i>Showing surprise</i>: uso de expresións utilizadas para mostrar sorpresa ante unha información. • Interacción oral co compañeiro/a para falar sobre os intereses persoais de cada un/ha utilizando as expresións dadas. • Presentación oral na clase dos intereses do compañeiro/a. • <i>Comparing</i>: fórmulas lingüísticas para comparar intereses. 	
B3.1-B3.2	<p>Reading</p> <ul style="list-style-type: none"> • Comprensión oral e escrita dunha páxina web de seareiros dun grupo musical. • Realización de diferentes tipos de exercicios para demostrar a comprensión do texto. • Identificación no texto de palabras clave mediante as súas definicións. <p><i>Extra reading</i>: THE SCOUTS</p> <ul style="list-style-type: none"> • Comprensión oral e escrita dun artigo sobre os Scouts co fin de contestar preguntas. • Realización de varios exercicios para practicar o vocabulario clave do texto e demostrar que se comprenderon os contidos. • <i>Did you know?</i>: datos curiosos e interesantes sobre os Scouts e o aventureiro Scout Bear Grylls. 	1,2,3,4,5,6,7
B4.1-B4.2	<p>Writing</p> <ul style="list-style-type: none"> • <i>Getting Ready to Write</i>: análise da estrutura dos contidos dun artigo xornalístico. • Análise da linguaxe típica empregada á hora de describir un evento nun artigo xornalístico: os adxectivos e adverbios de modo, e o grao superlativo en adxectivos e adverbios. • Preparación antes de escribir un artigo xornalístico practicando a estrutura e a linguaxe típicas mediante a realización de varios exercicios. • <i>Writing Task</i>: produción dun artigo xornalístico para describir un evento. 	1,2,3,4,5,6,7
B5.1 - B 5.8	<p>Vocabulary</p> <ul style="list-style-type: none"> • Vocabulario relacionado cos logros persoais. • Comprensión oral e escrita dos logros persoais mediante a lectura e audición dun texto escrito. • Realización de exercicios para practicar o vocabulario aprendido. • Expresións relacionadas con diferentes tipos de actividades. • Comprensión e expresión oral de diferentes actividades nun campamento educativo de verán. • Realización de varios exercicios para practicar o vocabulario aprendido. 	1,2,3,4,5,6,7

	<p>Grammar</p> <ul style="list-style-type: none"> • Expresión de accións que comezan no pasado e teñen unha continuidade no presente: o <i>Present Perfect Simple</i>. Uso e formación da afirmativa, da negativa e da interrogativa. • Expresión de hábitos no pasado: <i>used to</i>. • Uso correcto da gramática que se ten visto ao longo da sección a través de distintas actividades. • <i>Tip!</i>: for e since. • Expresión de experiencias no pasado: o <i>Present Perfect Simple</i> e o <i>Past Simple</i>. Uso e formación da afirmativa. • Expresión de rutinas no pasado: <i>used to</i>. • Uso correcto da gramática que se ten visto ao longo da sección a través de distintas actividades. • Comprensión oral dun audio para comprobar as respostas correctas. <p>Pronunciation</p> <ul style="list-style-type: none"> • Pronuncia correcta das letras mudas e dos verbos coa terminación -ed. <p><i>Focus on Functional Language</i></p> <ul style="list-style-type: none"> • Repaso da linguaxe utilizada para falar dos intereses persoais. • <i>Tip</i>: breve explicación sobre algúns adxectivos e as preposicións que os acompañan. <p><i>Way to English</i>: Tell me about yourself. A questionnaire.</p> <ul style="list-style-type: none"> • Comprensión oral e escrita dunha entrevista. • Repaso do vocabulario e expresións típicas das conversas entre un/ha entrevistador/a e un/ha entrevistado/a. • Práctica oral de entrevistas empregando a linguaxe vista anteriormente. • <i>Your Way</i>: Interacción oral co compañeiro/a para practicar diálogos sobre as situacións dadas utilizando as expresións vistas. <p>Culture</p> <ul style="list-style-type: none"> • Lectura sobre as actividades que fixeron tres adolescentes británicos durante o verán. • Comprensión oral e escrita das actividades descritas nos textos para realizar varios exercicios. <p>Language Summary</p> <ul style="list-style-type: none"> • Resumo a xeito de repaso do vocabulario, a linguaxe funcional e a gramática vistos ao longo de toda a unidade. 	
--	--	--

1ª AVALIACIÓN	UNIDADE 3
------------------	-----------

	DECEMBRO	12 SESIÓNS
BLOQUE	CONTIDO	MATERIAL DE REFERENCIA
B1.1 - B1.3	<p>Listening</p> <ul style="list-style-type: none"> • Comprensión oral dunha conversa telefónica sobre plans de viaxe. • Expresión escrita dos datos que se piden relacionados coa conversa sobre os plans da viaxe que se escoitou anteriormente. • Comprensión oral dunha conversa sobre plans de viaxe. • Realización de varios exercicios para responder varias preguntas sobre uns plans de viaxe. 	1,2,3,4,5,6,7
B2.1 – B2.4	<p>Speaking</p> <ul style="list-style-type: none"> • Aplicación do vocabulario e a gramática vistos na unidade, e postos en práctica a través da expresión oral. • Práctica oral de conversas sobre a elección dos utensilios para viaxar co emprego da gramática e o vocabulario vistos. • Interacción oral co compañeiro/a para falar da viaxe ideal do alumno/a e dos cinco utensilios imprescindíbeis para esa viaxe utilizando as expresións dadas. • <i>Disagreeing</i>: fórmulas lingüísticas frecuentes para expresar que non se está de acordo co que di outra persoa. • Aplicación do vocabulario e da gramática vistos na unidade, e postos en práctica a través da expresión oral. • Práctica oral para falar do futuro co emprego da gramática e do vocabulario vistos • Interacción oral co compañeiro/a para expresar accións futuras dependendo das situacións dadas utilizando as expresións aprendidas. • <i>Showing approval</i>: expresións para mostrar aprobación. • Interacción oral co compañeiro/a para planear a viaxe ideal utilizando as expresións aprendidas e apoiándose nas imaxes dos pósters que aparecen no exercicio. 	1,2,3,4,5,6,7
B3.1-B3.2	<p>Reading</p> <ul style="list-style-type: none"> • Lectura dun artigo dunha revista de viaxes para realizar diferentes tipos de exercicios. • Comprensión da información clave do texto. Identificación no texto de palabras clave mediante as súas definicións. • <i>Extra reading</i>: Cleaning up Mount Kenya • Comprensión dun texto sobre os labores de conservación no monte Kenya. • Realización de exercicios para demostrar que se comprenderon os contidos. • <i>Did you know?</i>: datos curiosos e interesantes sobre os nomes dalgunhas sendas dos Andes peruanos. 	1,2,3,4,5,6,7

PLEB 5.8	Participa en proxectos (elaboración de materiais multimedia, folletos, carteis, recensión de libros e películas, obras de teatro, etc.) nos que se utilizan varias linguas e relacionados cos elementos transversais, evita estereotipos lingüísticos ou culturais, e valora as competencias que posúe como persoa plurilingüe.

g. Grao mínimo de consecución dos contidos de 4º ESO

g.1 Vocabulario: inclúen o vocabulario que aparece nos textos e no Vocabulary review das unidades:

- Riscos e perigos, adxectivos relacionados.
- A realeza
- Películas e televisión
- Misterios e fenómenos naturais e sobrenaturais
- A interacción social
- A vida nas cidades
- Marketing e compras
- Medio ambiente e reciclado
- Partes do corpo e problemas de saúde

g.2. Gramática

- Revisión : Artigos e cuantificadores, presente simple e presente continuo, past simple e continuo, comparación dos adxectivos e dos adverbios e too..., (not)...enough
- Tempos futuros: will , to be going to, present continuous, present simple, future continuous
- Oracións de relativo. Pronomes relativos e oracións especificativas de relativo

- Compostos con some ,any, no (indefinidos)
- Contraste present perfect simple/ past
- Past perfect/ simple past
- Primeiro, segundo e terceiro condicional
- Modais

g.3. Funcións comunicativas da lingua

- Falar de plans e facer entrevistas
- Dar información e falas sobre películas
- Falar sobre noticias e fenómenos inusuais, e contar unha historia
- Expresar arrepentimento, falar sobre comportamentos e problemas e solucións
- Falar sobre o futuro
- Falar sobre a saúde

g.4. Comprensión oral e lectora

Lectura de textos e comprensión de audios adaptados ao nivel de 4º de ESO sobre temas diversos.

g.5. Expresión escrita

Produción de textos de razoable complexidade cun léxico e gramática axeitados ao nivel de 4º ESO. Coidada presentación e corrección ortográfica sobre os temas propostos na seguinte tipoloxía:

- A report about a person (cause and effect)
- A film review (contrast)
- A narrative (sequence)
- A Formal email
- An opinion essay
- A travel post (addition)
- An informal email

g. 6 Phonetics : INICIACIÓN A FONÉTICA

- Word stress : syllables
- Silent letters
- -ed verb endings /id/ /t/ /d/
- Final consonant sounds
- Word stress : compound nouns
- **Pronuntiation of cognates .**
- Vowel sounds / ɜ:/, /ə /, /ɔ:/
- Intonation: tag questions
- /h/ , Silent h

h. CRITERIOS DE CUALIFICACIÓN E PROMOCIÓN

PROCEDEMENTOS INSTRUMENTOS DE AVALIACIÓN

PROCEDEMENTOS:

- P. OBSERVACIÓN DIRECTA E SISTEMÁTICA : Isto permítenos observar e avaliar aos alumnos. A participación nas actividades diarias, interacción e traballo en equipo, e a actitude na materia e prestando especial atención aos distintos estándares de aprendizaxe.
- Q. ANÁLISIS DAS TAREFAS E PRODUCCIÓN DOS ALUMNOS: Recolleremos as tarefas que se lles encomende e levaremos un rexistro das mesmas. Isto é importante para identificar a situación persoal de cada alumno e proporciona información adicional das súas necesidades.
- R. PRODUCCIÓN ORAL : Preguntas, debates, diálogos y participación nas actividades da clase.
- S. TESTS ESPECÍFICOS : Tests orais , escritos....
- T. AUTOAVALIACIÓN : Os alumnos deberán ter a habilidade de expresar as súas propias opinións sobre as dificultades que atopan no proceso da aprendizaxe e concienciarse dos erros que van cometendo e o xeito de resolvelos.

INSTRUMENTOS DE AVALIACIÓN

- M. TEST INICIAL : Permitiranos diagnosticar a cada alumno e alumna e saber dende onde parte cada un deles. Axudaranos a facer a programación do curso e a establecer una referencia do grupo.
- N. AVALIACIÓN FORMATIVA: O profesor fará un rexistro de clase no que aparecerá a actuación de cada alumno en relación cos bloques de contidos recollidos nesta programación.
- O. AVALIACIÓN ACUMULATIVA : Pensados para avaliar o nivel de asimilación dos contidos específicos e deben ser fieis a metodoloxía empregada no proceso.
Na nota final valorarase a actitude e o esforzo de alumno ou alumna ao longo do curso.
- P. TRATAMENTO DE FOMENTO DA LECTURA
ACCIONS PREVISTAS DE ACORDO CO PLAN LECTOR : Proporase unha relación de títulos de lecturas graduadas dos que os alumnos deberán elixir un do que serán avaliados no segundo ou terceiro trimestre cun control de comprensión . Estas lecturas son obrigatorias e formarán parte esencial na nota final (un 10% da nota final). A relación destas lecturas constará no libro de actas do departamento.

4º ESO Criterios de cualificación

En cada avaliación aplicaranse os seguintes criterios:

1. ACTITUDE E TRABALLO: 10% da nota.

que inclúe:

- **Actitude, amosando tolerancia e respecto**, tanto na aula coma nas horas co auxiliar de conversa, a participación e atención , o esforzo polo emprego da lingua inglesa , (dependendo do seu nivel de adquisición), **o traballo feito na aula e na casa xunto co esforzo** (neste apartado inclúese tanto o traballo de reforzo coma de "extensión" do alumnado, que aparece no apartado de atención á diversidade).

2. EXAME DE AVALIACIÓN : 90% da nota.

Nota do **exame de avaliación**, que incluírá todas as destrezas e estará distribuído da seguinte maneira:

-10% : **reading comprehension**

-10% : **listening comprehension**

-20%: **writing**

-40% : **grammar, vocabulary.**

-10%: **speaking**

Co propósito de facer un seguimento continuado do alumnado no marco das actuais circunstancias e despois do carácter anómalo do curso pasado, faremos pequenas probas **escritas ou orais** das distintas unidades (vocabulario, gramática, comprensión oral e escrita). Estas probas estarán distribuídas ó longo dos trimestre que formarán parte da nota da avaliación.

Para poder acadar o aprobado na avaliación, non poderán ter menos dun 3 en dúas destrezas.

3. LIBRO DE LECTURA: O alumnado deberá elixir de entre unha lista que se lle ofrecerá, **unha lectura en inglés adaptada** ao seu nivel e da que serán avaliados por medio dunha proba escrita que se incorporará na nota da destreza de Reading.

4. AVALIACIÓN CONTINUA

-Como a avaliación é continua, **non haberá exame de recuperación**. Os exames de cada avaliación incluírán sempre a materia das anteriores.

A nota do final do curso do alumnado será a que resulte tendo en conta as seguintes porcentaxes:

1ª avaliación: contará un 20%

2ª avaliación: 30%

3ª avaliación: 50%

-Tendo en conta as características especiais dalgúns alumnos e alumnas do noso centro (alumnado con ACI, pouco motivados, ou con pouco o nulo interese pola materia) a avaliación farase tendo tamén en conta esta situación , valorando pequenos esforzos ou calquera actitude positiva de cara a materia.

Exame extraordinario de xuño: O exame consistirá só nunha proba escrita, onde se valorarán as competencias en :

Gramática e vocabulario: 60%

Writing: 20%

Reading: 20%

i. Metodoloxía

No proceso de ensino-aprendizaxe da lingua estranxeira, os estudantes presentan diferentes capacidades, diferentes niveis de competencia comunicativa e diferentes intereses. Consecuentemente, non empregaremos un enfoque metodolóxico único, senón un enfoque ecléctico co que intentaremos motivar aos alumnos e dar resposta á gran diversidade das aulas.

Mediante este enfoque ecléctico, o profesor intentará formular estratexias metodolóxicas que propicien a adquisición da lingua estranxeira, empregando os enfoques que mellor se axeiten ás necesidades e características dos seus grupos e estudantes.

Ao longo da historia, téñense producido diversos enfoques metodolóxicos no ámbito da aprendizaxe de linguas estranxeiras:

▪ Grammar-Translation Method

Os alumnos deben reflexionar sobre o funcionamento da lingua e memorizar as normas de uso da gramática e o vocabulario. A tradución de textos é o medio para aprender a lingua estranxeira e a meta en si mesma.

Aínda que este enfoque se centra exclusivamente na linguaxe escrita e nos aspectos formais da lingua, deixando de lado os aspectos máis comunicativos do idioma, unha certa reflexión sobre o funcionamento da lingua meta e a memorización de vocabulario é necesaria por parte dos estudantes, pois permitiralles contar con recursos que ampliarán e mellorarán a súa capacidade comunicativa.

- **Audiolingual Method**

Tomando como base as teorías condutistas, este método propón a aprendizaxe da lingua estranxeira a través da repetición e a práctica mecánica de estruturas lingüísticas, co propósito de automatizalas. As regras gramaticais son inferidas, aprendidas de maneira intuitiva. O enfoque é fundamentalmente oral.

Aínda que non se pode centrar a metodoloxía na repetición exclusivamente, caendo na monotonía, pois o propósito é motivar aos alumnos e que eles se desenvolvan en situacións comunicativas, certo grao de repetición de estruturas pode axudar a internalizar a lingua estranxeira e ás veces a intuición das normas gramaticais pode dar lugar a aprendizaxe significativa.

- **Enfoque comunicativo**

O coñecemento dos aspectos gramaticais da lingua queda en segundo plano, pois segundo este enfoque, o importante é participar en situacións comunicativas nas que se usan as catro destrezas para cumprir propósitos comunicativos reais. A comunicación é un proceso que se leva a cabo cun propósito concreto, cuns interlocutores concretos, nunha situación concreta; as aulas de inglés como lingua estranxeira deben reproducir eses elementos e facer que os alumnos poidan desenvolver o coñecemento da lingua a través de situación comunicativas.

O enfoque comunicativo non debe faltar no ensino da lingua estranxeira; é máis, debe de ser un dos enfoques principais: o inglés debe de ser un vehículo de comunicación na clase e non só o obxecto de estudo. Así, nas clases de inglés os alumnos non só memorizarán normas e vocabulario, senón que empregarán os seus coñecementos para negociar o significado en situacións comunicativas en parellas, grupos pequenos, gran grupo, etc.

- **Task-based approach (aprendizaxe por tarefas ou proxectos)**

Dentro do enfoque comunicativo, a aprendizaxe por tarefas consiste no uso de tarefas específicas como unidade de planificación do ensino da lingua estranxeira. O propósito é promover a aprendizaxe do idioma estranxeiro a través de actividades que resulten significativas para os estudantes. Así pois, a tarefa deixa de lado o ensino formal da lingua, creando un método máis natural que da lugar a situacións comunicativas. A aprendizaxe da lingua estranxeira incorpora contidos doutras materias e campos do saber, xeralmente a través de tarefas ou proxectos de investigación.

- **Whole language teaching (ensino integral da lingua)**

Un dos principios fundamentais deste enfoque metodolóxico é que a lingua estranxeira non se estude en partes específicas para logo comprender o todo, senón que se proceda do todo ás partes, por exemplo, empezando por textos completos para logo proceder ao estudo das partes.

Dentro do enfoque ecléctico que queremos aplicar na nosa metodoloxía, o repertorio de papeis que o profesor debe desempeñar é diverso: analizar as necesidades dos estudantes, crear situacións comunicativas, organizar actividades, asesorar aos alumnos, participar como un compañeiro máis, observar en silencio o desenvolvemento das tarefas, fomentar a cooperación entre os alumnos, etc.

Finalmente, o ensino da lingua estranxeira debe de estar orientado en todo momento a desenvolver as no alumno as capacidades que conduzan a **Educación Permanente (Lifelong Learning)**, de maneira que a aprendizaxe da lingua estranxeira non remate coa educación académica, senón que se desenvolva en outras areas da vida dos alumnos e se prolongue ao longo do tempo. Deste xeito, o ensino da lingua estranxeira deberá proporcionarlles aos estudantes as técnicas, estratexias e habilidades necesarias para poder aprender a lingua estranxeira pola súa conta, en medios que non sexan puramente académicos, e ao longo das súas vidas. Tentaremos que os alumnos se responsabilicen da súa propia aprendizaxe e se sintan en control do proceso, emocionándose coa idea de que ese proceso de mellora pode estenderse ao longo da vida e que está nas súas mans.

j. Materiais e recursos didácticos

O libros de texto e os cadernos de exercicios que se empregarán en 4º ESO serán *New English in Use para os grupos BIL e Way to English para NBL, Student's Book, Burlington Books e Workbook no caso dos grupos non bilingües*.

Ademais, utilizaremos materiais audiovisuais de natureza diversa e propiciaremos na medida en que sexa posible o uso das TIC e os recursos que internet fornece: blogs, dicionarios online, wikis, chats, webquests, etc.

9. 1º de Bacharelato

a. Contidos sintáctico-discursivos de primeiro de bacharelato

- Expresión de relacións lóxicas: conxunción (*not only...but also; both...and*); disxunción (*or*); oposición/concesión (*(not...) but; ..., though*); causa (*because (of); due to; as*); finalidade (*to+ infinitive; for*); comparación (*as/not so Adj. as; less/more + Adj./Adv. (than); better and better; the highest in the world*); resultado (*so; so that*); condición (*if; unless*); estilo indirecto (*reported information, offers, suggestions and commands*).
- Relacións temporais (*the moment (she left); while*).
- Afirmación (*affirmative sentences; tags; Me too; Think/Hope so*).
- Exclamación (*What + (Adj. +) noun, e. g. What beautiful horses!; How + Adv. + Adj., e. g. How very nice!; exclamatory sentences and phrases, e. g. Hey, that's my bike!*).
- Negación (*negative sentences with not, never, no (Noun, e. g. no chance), nobody, nothing; negative tags; me neither*).
- Interrogación (*Wh- questions; Aux. Questions; What is the book about?; tags*).
- Expresión do tempo: pasado (*past simple and continuous; present perfect; past perfect*); presente (*present simple and continuous*); futuro (*going to; will; present simple and continuous + Adv.*).
- Expresión do aspecto: puntual (*simple tenses*); durativo (*present and past simple/perfect; and future continuous*); habitual (*simple tenses (+ Adv., e. g. every Sunday morning)*); *used to*); incoativo (*be about to*); terminativo (*stop -ing*).
- Expresión da modalidade: factualidade (*declarative sentences*); capacidade (*can; be able*); posibilidade/probabilidade (*may; might; perhaps*); necesidade (*must; need; have (got) to*); obriga(*have (got) to; must; imperative*); permiso (*may; could; allow*); intención (*present continuous*).
- Expresión da existencia (*e. g. there could be*); a entidade (*count/uncount/collective/compound nouns; pronouns (relative, reflexive/emphatic, one(s); determiners*); a cualidade (*e. g. pretty good; much too expensive*).
- Expresión da cantidade (*singular/plural; cardinal and ordinal numerals. Quantity: e. g.*

lots/plenty (of). Degree: e. g. absolutely; a (little) bit).

- Expresión do espazo (*prepositions and adverbs of location, position, distance, motion, direction, origin and arrangement*).
- Expresión do tempo (*points e. g. at midnight*), *divisions (e. g. term)*, and *indications (ago; early; late) of time; duration (from...to; during; until; since); anteriority (already; (not) yet); posteriority (afterwards; later); sequence (first, second, after that, finally); simultaneousness (just when); frequency (e. g. twice/four times a week; daily)*.
- Expresión do modo (*Adv. and phrases of manner, e. g. carefully; in a hurry*).
- Uso de conectores.
- *Have/get causative*.
- *Phrasal verbs*.
- *Gerund and infinitive*.

1º BACH

b. Contidos

Descrición dos contidos

BLOQUE 1: COMPRESIÓN DE TEXTOS ORAIS	
Bloque	Contido
B1.1	<p>Estratexias de comprensión:</p> <ul style="list-style-type: none"> – Mobilización de información previa sobre o tipo de tarefa e o tema. – Identificación do tipo de escoita necesario para realizar a tarefa (global, selectiva e detallada). – Identificación do tipo textual, adaptando a comprensión a el. – Distinción de tipos de comprensión (sentido xeral, información esencial, puntos principais, detalles relevantes e implicacións). – Formulación de hipóteses sobre o contido e o contexto. – Inferencia e formulación de hipóteses sobre significados a partir da comprensión de elementos significativos, lingüísticos e paralingüísticos. – Reformulación de hipóteses a partir da comprensión de novos elementos.
B1.2	Recoñecemento dos marcadores conversacionais máis comúns: verificadores, expresivos, apelativos e fácticos.

BLOQUE 2: PRODUCCIÓN DE TEXTOS ORAIS: EXPRESIÓN E INTERACCIÓN	
Bloque	Contido

B2.1	<p>Estratexias de produción:</p> <ul style="list-style-type: none"> – Planificación: – Identificar o contexto, o destinatario e a finalidade e da produción ou da interacción. – Concibir a mensaxe con claridade, distinguindo a súa idea ou ideas principais e a súa estrutura básica. – Adecuar o texto ao destinatario, ao contexto e á canle, aplicando o rexistro e a estrutura de discurso adecuados a cada caso e escollendo os expoñentes lingüísticos necesarios para lograr a intención comunicativa. – Activar os coñecementos previos sobre modelos e secuencias de interacción, e elementos lingüísticos previamente asimilados e memorizados. – Execución: – Expresar a mensaxe con claridade e coherencia, estruturándoa adecuadamente e axustándose, de ser o caso, aos modelos e ás fórmulas de cada tipo de texto. – Reaxustar a tarefa (emprender unha versión máis modesta desta) ou a mensaxe (facer concesións no que realmente lle gustaría expresar), tras valorar as dificultades e os recursos lingüísticos dispoñibles. – Sacar o máximo partido dos coñecementos previos (utilizar linguaxe prefabricada, etc.) e apoiarse neles. – Cooperar na interacción con outras persoas, verificando a comprensión propia e das demais persoas, e cooperando activamente na realización das tarefas de comunicación. – Compensar as carencias lingüísticas mediante procedementos lingüísticos e paralingüísticos. – Lingüísticos: – Substituír palabras por outras de significado parecido. – Definir ou parafrasear un termo ou unha expresión. – Pedir axuda ou clarificación. – Paralingüísticos e paratextuais: – Sinalar obxectos, usar deícticos ou realizar accións que aclaran o significado. – Usar linguaxe corporal culturalmente pertinente (xestos, expresións faciais, posturas, contacto visual ou corporal, e proxémica). – Usar sons cuasilingüísticos. – Usar os elementos prosódicos (pausas, ritmo e entoación) como substitutos dos marcadores discursivos para indicarlle á persoa destinataria ou óinte as partes do discurso que deben ser cointerpretadas.
------	--

BLOQUE 3: COMPRENSIÓN DE TEXTOS ESCRITOS	
Bloque	Contido
B3.1	<p>Estratexias de comprensión:</p> <ul style="list-style-type: none"> – Mobilización de información previa sobre o tipo de tarefa e o tema (coñecementos previos sobre o contido de que se trate) a partir da información superficial e paratextual: procedencia do texto, imaxes, organización na páxina, títulos de cabeceira, etc. – Identificación do tipo de lectura demandado pola tarefa (en superficie ou oceánica, selectiva, intensiva ou extensiva). – Distinción de tipos de comprensión (sentido xeral, información esencial, puntos principais, detalles relevantes e implicacións). – Identificación do tipo textual, adaptando a comprensión a el. – Formulación de hipóteses sobre o contido e o contexto. – Inferencia e formulación de hipóteses sobre significados a partir da comprensión de elementos significativos, lingüísticos e paratextuais. – Identificación das palabras clave. – Recoñecemento da información esencial que o texto proporciona e que é necesaria para lograr o obxectivo de lectura. – Supresión de informacións pouco relevantes (redundantes, de detalle e pouco pertinentes) para o obxectivo de lectura – Reformulación de hipóteses a partir da comprensión de novos elementos. – Revisión e recapitulación continua e autointerrogación sobre a comprensión.

BLOQUE 4: PRODUCCIÓN DE TEXTOS ESCRITOS: EXPRESIÓN E INTERACCIÓN

Bloque	Contido
B4.1	<p>Estratexias de produción:</p> <ul style="list-style-type: none">– Planificación:– Mobilizar e coordinar as propias competencias xerais e comunicativas co fin de realizar eficazmente a tarefa (repasar o que se sabe sobre o tema e o que se pode ou se quere dicir, xerar ideas posibles, etc.)– Procurar e usar adecuadamente recursos lingüísticos ou temáticos (uso dun dicionario ou dunha gramática, obtención de axuda, etc.).– Execución:– Elaborar un borrador.– Estructurar o contido do texto.– Organizar o texto en parágrafos abordando en cada un unha idea principal do texto e entre todos conformar o significado ou idea global deste.– Considerar as propiedades textuais de coherencia, cohesión e adecuación.– Expresar a mensaxe con claridade axustándose aos modelos e ás fórmulas de cada tipo de texto.– Reformular a tarefa (emprender unha versión máis modesta) ou da mensaxe (facer concesións no que realmente lle gustaría expresar), tras valorar as dificultades e os recursos lingüísticos dispoñibles.– Apoiarse en sacar o máximo partido dos coñecementos previos (utilizar linguaxe "prefabricada", como frases feitas ou locucións).– Xestión de relacións sociais no ámbito persoal, público, educativo e profesional.– Descrición e apreciación de calidades físicas e abstractas de persoas, obxectos, lugares, actividades, procedementos e procesos. <p>Narración de acontecementos pasados puntuais e habituais, descrición de estados e situacións presentes, e expresión de predicións e de sucesos futuros a curto, medio e longo prazo.</p> <ul style="list-style-type: none">– Intercambio de información, indicacións, opinións, crenzas e puntos de vista, consellos, advertencias e avisos.– Expresión da curiosidade, o coñecemento, a certeza, a confirmación, a dúbida, a conxectura, o escepticismo e a incredulidade.– Expresión da vontade, a intención, a decisión, a promesa, a orde, a autorización e a prohibición, a exención e a obxección.– Expresión do interese, a aprobación, o aprecio, o eloxio, a admiración, a satisfacción, a esperanza, a confianza e a sorpresa, e os seus contrarios.– Formulación de suxestións, desexos, condicións e hipóteses.– Establecemento e xestión da comunicación e organización do discurso.– Narración de acontecementos pasados puntuais e habituais, descrición de estados e situacións presentes, e expresión de predicións e de sucesos futuros a curto, a medio e a longo prazo.– Intercambio de información, indicacións, opinións, crenzas e puntos de vista, consellos, advertencias e avisos.– Expresión da curiosidade, o coñecemento, a certeza, a confirmación, a dúbida, a conxectura, o escepticismo e a incredulidade.– Expresión da vontade, a intención, a decisión, a promesa, a orde, a autorización e a prohibición, a exención e a obxección.– Expresión do interese, a aprobación, o aprecio, o eloxio, a admiración, a satisfacción, a esperanza, a confianza e a sorpresa, e os seus contrarios.– Formulación de suxestións, desexos, condicións e hipóteses.– Establecemento e xestión
B4.2	Estruturas sintáctico-discursivas.
B4.3	Léxico escrito común e máis especializado (produción), dentro das propias áreas de interese nos ámbitos persoal, público, educativo e ocupacional, relativo á descrición de persoas e obxectos, tempo e espazo, estados, eventos e acontecementos, actividades, procedementos e procesos; relacións persoais, sociais, educativas e profesionais; educación e estudo; traballo e emprendemento; bens e servizos; lingua e comunicación intercultural; ciencia e tecnoloxía; historia e cultura.
B4.4	<p>Revisión:</p> <ul style="list-style-type: none">– Identificar problemas, erros e repeticións.– Prestar atención ás convencións ortográficas e aos signos de puntuación.– Realizar a escritura definitiva.

	– Presentar o texto de forma coidada (marxes, limpeza, tamaño da letra adecuado, uso normativo de maiúsculas e minúsculas, etc.)
BLOQUE 5: COÑECEMENTO DA LINGUA E CONSCIENCIA PLURILINGÜE E INTERCULTURAL	
Bloque	Contido
B5.1	<p>Patróns sonoros, acentuais, rítmicos e de entoación:</p> <ul style="list-style-type: none"> – Discriminación e uso dos trazos fonéticos que distinguen fonemas (trazos distintivos como sonoridade, nasalidade e apertura de vogais). – Recoñecemento e produción de unidades maiores do nivel fónico (secuencia acentual das palabras). – Recoñecemento e uso comprensible dos elementos prosódicos (acento, ritmo e entoación das oracións). – Recoñecemento de palabras e frases de uso coloquial común emitidas con procedementos básicos de redución fonética.
B5.3	<p>Patróns gráficos e convencións ortográficas da palabra, da oración e do enunciado (punto, coma, punto e coma, comiñas, paréntese, signos de interrogación, signos de exclamación, puntos suspensivos e guión).</p>
B5.4	<p>Coñecementos morfosintácticos e discursivos:</p> <ul style="list-style-type: none"> – Recoñecemento e uso de elementos morfosintácticos que permiten recoñecer, formular e organizar distintos tipos de texto. – Recoñecemento e uso de elementos, categorías, clases, estruturas, procesos e relacións gramaticais habituais en distintos tipos de discurso.
B5.5	<p>Aspectos socioculturais e sociolingüísticos:</p> <ul style="list-style-type: none"> – Convencións sociais, normas de cortesía e rexistros; costumes, valores, crenzas e actitudes; linguaxe non verbal. – Actitude receptiva e respectuosa cara ás persoas, os países e as comunidades lingüísticas que falan outra lingua e teñen unha cultura diferente á propia.
B5.6	<p>Plurilingüismo:</p> <ul style="list-style-type: none"> – Identificación de similitudes e diferenzas entre as linguas que coñece para mellorar a súa aprendizaxe e lograr unha competencia comunicativa integrada. – Participación en proxectos nos que se utilizan varias linguas e relacionados cos elementos transversais, evitando estereotipos lingüísticos ou culturais, e valorando positivamente as competencias que posúe como persoa plurilingüe.
B5.7	Estruturas sintáctico-discursivas.
B5.8	<p>Funcións comunicativas:</p> <ul style="list-style-type: none"> – Xestión de relacións sociais no ámbito persoal, público, educativo e profesional. – Descrición e apreciación de calidades físicas e abstractas de persoas, obxectos, lugares, actividades, procedementos e procesos. – Narración de acontecementos pasados puntuais e habituais, descrición de estados e situacións presentes, e expresión de predicións e de sucesos futuros a curto, a medio e a longo prazo. – Intercambio de información, indicacións, opinións, crenzas e puntos de vista, consellos, advertencias e avisos. – Expresión da curiosidade, o coñecemento, a certeza, a confirmación, a dúbida, a conxectura, o escepticismo e a incredulidade. – Expresión da vontade, a intención, a decisión, a promesa, a orde, a autorización e a prohibición, a exención e a obxección. – Expresión do interese, a aprobación, o aprecio, o eloxio, a admiración, a satisfacción, a esperanza, a confianza e a sorpresa, así como os seus contrarios. – Formulación de suxestións, desexos, condicións e hipóteses. – Establecemento e xestión da comunicación e organización do discurso.
B5.9	<p>Léxico:</p> <ul style="list-style-type: none"> – Recoñecemento e uso do léxico común e máis especializado relacionado con contidos educativos correspondentes e de interese nos ámbitos persoal, público, educativo e ocupacional, relativo á descrición de persoas e obxectos, o tempo e o espazo, estados, eventos e acontecementos, actividades, procedementos e procesos; relacións persoais, sociais, educativas e profesionais; educación e estudo; traballo e emprendemento; bens e servizos; lingua e comunicación intercultural; ciencia e tecnoloxía; historia e cultura. – Recoñecemento e uso de expresións fixas frecuentes (locucións idiomáticas, esquemas fraseolóxicos como "Está libre esta cadeira?" ou "Podo...?", colocacións, frases feitas e léxico propio de temas relativos a feitos de actualidade.

– Recoñecemento e uso de antónimos e sinónimos, e de procedementos de formación de palabras mediante recursos de derivación e de composición, e recoñecemento de "falsos amigos".

c. SECUENCIACIÓN E TEMPORALIZACIÓN

Trátase dunha temporalización adaptable ao perfil do grupo-clase pois pode ser utilizada de maneira simultánea con alumnos/as que presenten dificultades na aprendizaxe de idiomas, así como con aqueles que posúan coñecementos un pouco máis avanzados. Así mesmo, é adaptable ás propias preferencias e iniciativas tanto do profesor/a coma dos seus alumnos/as, e a propia evolución do curso.

1ª AVALIACIÓN	UNIDADE 1 SETEMBRO - OUTUBRO 12 SESIÓNS	
BLOQUE	CONTIDO	MATERIAL DE REFERENCIA
B1.1 - B1.2	<p>Listening (páx. 7)</p> <ul style="list-style-type: none"> • <i>Understanding Genre</i>: información introdutoria sobre os cuestionarios. • Contestación a un cuestionario sobre o uso persoal do teléfono móbil. • Audición dunha entrevista a un alumno sobre o uso que fai do teléfono móbil. <p>Listening (páx. 12)</p> <ul style="list-style-type: none"> • Lectura dun anuncio sobre un programa de intercambio. • <i>Critical Thinking</i>: fomento do pensamento crítico en relación coa participación nun programa de intercambio. • Audición de distintas experiencias de alumnos/as de intercambio. • <i>Exam Advantage</i>: claves e estratexias para a realización de exames. • Información de interese sobre o Programa Erasmus. 	1,2,3,4,5,6,7
B2.1	<p>Speaking (páx. 7)</p> <ul style="list-style-type: none"> • <i>Useful Language</i>: uso de expresións útiles á hora de falar. • Resposta oral a un cuestionario, utilizando as expresións do cadro 	1,2,3,4,5,6,7

	<p><i>Useful Language.</i></p> <p>Speaking (páx. 13)</p> <ul style="list-style-type: none"> • Lectura de preguntas dunha entrevista persoal e contestación ás mesmas. • Audición dunha entrevista persoal e aprendizaxe de diferentes expresións utilizadas. • Entrevista ao compañeiro/a, utilizando as expresións aprendidas. • <i>Exam Advantage</i>: claves e estratexias para a realización de exames. • <i>Extra Speaking Practice</i>: actividades para reforzar o aprendido na sección. • <i>Techno Task</i>: gravación dunha entrevista persoal e proxección da mesma na clase. 	
B3.1	<p>Reading (páxs. 8-9)</p> <ul style="list-style-type: none"> • <i>Understanding Genre</i>: información introdutoria sobre os titulares e os encabezamentos dos artigos de revista. • <i>Exam Advantage</i>: claves e estratexias para a realización de exames. • Lectura dun artigo sobre emoticonas e realización de varias actividades para demostrar a súa comprensión. • <i>Vocabulary Preview</i>: fomento da aprendizaxe independente e maior aproveitamento do tempo na clase. • <i>Words from the Text</i>: procura de sinónimos no artigo e elección de respostas correctas a preguntas. • <i>Focus! Noun Suffixes</i>: uso dos prefixos <i>-ion</i>, <i>-ity</i>, <i>-ness</i> e <i>-ment</i> para a formación de substantivos e práctica a través de actividades. • Referencia a <i>Grammar Appendix</i>: ampliación da gramática aprendida. • <i>Critical Thinking</i>: fomento do pensamento crítico en relación co artigo sobre as emoticonas. • Información de interese sobre as emoticonas. • <i>IC Silent Communication</i>: vídeo sobre a diferenza entre a linguaxe de signos e o alfabeto manual. 	1,2,3,4,5,6,7
B4.1-B4.4	<p>Writing (páxs. 14-15)</p> <ul style="list-style-type: none"> • <i>Understanding Genre</i>: información introdutoria sobre as cartas e 	1,2,3,4,5,6,7

	<p>os correos electrónicos informais.</p> <ul style="list-style-type: none"> • <i>Working with a Model</i>: lectura dun correo electrónico informal e realización de varias actividades relacionadas con el. • <i>Adverbs</i>: información sobre os adverbios de modo, avaliativos e de cantidade e realización de varias actividades relacionadas con eles. • Referencia a <i>Exam Advantage: Writing Guide</i>: ampliación das técnicas de escritura aprendidas. • <i>Understanding Genre</i>: información introdutoria sobre a importancia da información visual. • <i>Prepare for the Task</i>: lectura dunha infografía e indicación de que razón é a máis relevante. • <i>Task</i>: redacción dun correo electrónico informal a un anfitrión que acolle un alumno/a de intercambio. 	
<p>B5.1 - B 5.9</p>	<p>Vocabulary (páx. 6)</p> <ul style="list-style-type: none"> • <i>Flipped Classroom</i> e <i>Vocabulary Preview</i>: fomento da aprendizaxe independente e maior aproveitamento do tempo na clase. • Comprensión do vocabulario clave sobre a comunicación. • Aplicación do vocabulario sobre a comunicación. • Información de interese sobre as redes sociais. <p>Vocabulary (páx. 12)</p> <ul style="list-style-type: none"> • <i>Focus! Adjective Suffixes</i>: uso dos sufixos <i>-ed</i> e <i>-ing</i> para a formación de adxectivos e práctica a través de actividades. • Referencia a <i>Grammar Appendix</i>: ampliación da gramática aprendida. <p>Grammar (páxs. 10-11)</p> <ul style="list-style-type: none"> • <i>Flipped Classroom</i> e <i>Grammar Titor</i>: fomento da aprendizaxe independente, maior aproveitamento do tempo na clase e explicación visual das estruturas gramaticais. • Repaso de diferentes tempos verbais: <i>Present Simple</i>, o <i>Present Continuous</i>, o <i>Past Simple</i>, o <i>Past Continuous</i>, o <i>Future Simple</i>, be going to, o <i>Present Perfect Simple</i>, o <i>Past Perfect Simple</i> e o <i>Present Perfect Continuous</i>. • Referencia a <i>Grammar Lab</i>: práctica adicional da gramática aprendida. • Uso correcto da gramática que se viu ao longo da sección, a través 	<p>1,2,3,4,5,6,7</p>

	<p>de distintas actividades.</p> <ul style="list-style-type: none"> • <i>Grammar in Listening</i> : comprensión oral de gravacións onde se utiliza a gramática da sección. • <i>Grammar in Speaking</i> : práctica oral da gramática da sección. • <i>Grammar Practice</i>: fomento da aprendizaxe independente e maior aproveitamento do tempo na clase. <p>Pronunciation (páx. 9)</p> <ul style="list-style-type: none"> • Pronuncia correcta dos sons /dʒ/ e /j/. • <i>Pronunciation Practice</i>: práctica adicional destes sons. <p>Vocabulary Review and Extension (páxs. 16-17)</p> <ul style="list-style-type: none"> • <i>Unit Vocabulary</i>: repaso do vocabulario estudado na unidade. • <i>Extra: Words and Expressions</i>: ampliación do vocabulario da unidade. • Realización de varias actividades relacionadas co vocabulario da unidade. • <i>Putting It Together</i>: repaso de todo o contido visto ao longo do libro. • <i>Exam Advantage</i>: claves e estratexias para a realización de exames. • <i>Wordlist and Activities, Vocabulary Practice, Wordapp</i>: fomento da aprendizaxe independente e maior aproveitamento do tempo na clase. <p>Life Skills Extra (páx. 18)</p> <ul style="list-style-type: none"> • <i>Getting Directions</i>: vídeo ilustrativo sobre como obter indicacións. • Realización de varias actividades relacionadas cun mapa das liñas de autobuses de Londres e obtención de indicacións. 	
--	---	--

1ª AVALIACIÓN	UNIDADE 2 NOVEMBRO 12 SESIÓNS	
BLOQUE	CONTIDO	MATERIAL DE REFERENCIA
B1.1 - B1.2	<p>Listening (páx. 21)</p> <ul style="list-style-type: none"> • Especular sobre o que ocorre nunha fotografía. • Audición da presentación dunha adolescente sobre unha actividade á que se dedica. • <i>Exam Advantage</i>: claves e estratexias para a realización de exames. <p>Listening (páx. 27)</p> <ul style="list-style-type: none"> • <i>Understanding Genre</i>: información introdutoria sobre os programas de radio. • Reflexión sobre que é a tecnoloxía vestíbel. • Audición dun programa de radio sobre zapatillas intelixentes. • <i>Techno Task</i>: procura en internet de exemplos de tecnoloxía vestíbel. 	1,2,3,4,5,6,7
B2.1	<p>Speaking (páx. 21)</p> <ul style="list-style-type: none"> • <i>Useful Language</i>: uso de expresións útiles á hora de debater vantaxes e desvantaxes. • Debate sobre as vantaxes e desvantaxes de participar en actividades extraescolares, utilizando as expresións do cadro <i>Useful Language</i>. <p>Speaking (páx. 27)</p> <ul style="list-style-type: none"> • Relación de frases que inclúen expresións útiles, para comparar fotografías. • Contestación a unhas preguntas relacionadas con dúas fotografías. • Comparación de dúas fotografías, utilizando as expresións aprendidas. • <i>Exam Advantage</i>: claves e estratexias para a realización de exames. • <i>Extra Speaking Practice</i>: actividades para reforzar o aprendido na 	1,2,3,4,5,6,7

	<p>sección.</p> <ul style="list-style-type: none"> • Información de interese sobre a orixe do termo drone. 	
B3.1	<p>Reading (páxs. 22-23)</p> <ul style="list-style-type: none"> • <i>Understanding Genre</i>: información introdutoria sobre os foros de internet. • <i>Exam Advantage</i>: claves e estratexias para a realización de exames. • Lectura dun foro con experiencias sobre os drons e realización de varias actividades para demostrar a súa comprensión. • <i>Vocabulary Preview</i>: fomento da aprendizaxe independente e maior aproveitamento do tempo na clase. • <i>Words from the Text</i>: procura de antónimos no foro e elección de respostas correctas a preguntas. • <i>Focus! Adjectives and Prepositions</i>: aprendizaxe de adxectivos seguidos de preposicións e práctica a través de actividades. • Referencia a <i>Grammar Appendix</i>: ampliación da gramática aprendida. • <i>Critical Thinking</i>: puntualizar o obxectivo de recompilar as diferentes experiencias do foro. • <i>IC Filming from the Sky</i>: vídeo sobre como lle afecta o tempo atmosférico aos drons. 	1,2,3,4,5,6,7
B4.1-B4.4	<p>Writing (páxs. 28-29)</p> <ul style="list-style-type: none"> • <i>Understanding Genre</i>: información introdutoria sobre os artigos que falan de pros e contras. • <i>Working with a Model</i>: lectura dun artigo que expón vantaxes e desvantaxes do emprego de robots en medicina e realización de varias actividades relacionadas . • <i>Connectors of Addition and Contrast</i>: información sobre os conectores de adición e as conxuncións adversativas, e realización de varias actividades relacionadas con eles. • Referencia a <i>Exam Advantage: Writing Guide</i>: ampliación das técnicas de escritura aprendidas. • <i>Understanding Genre</i>: información introdutoria sobre a forma de escribir un titular de prensa. • <i>Prepare for the Task</i>: lectura de distintos titulares de prensa e indicación de cales mostran aspectos positivos ou negativos sobre os drons. 	1,2,3,4,5,6,7

	<ul style="list-style-type: none"> • <i>Task</i>: redacción dun artigo expoñendo pros e contras sobre a prohibición do uso persoal de drones. 	
B5.1 - B 5.9	<p>Vocabulary (páxs. 20-21)</p> <ul style="list-style-type: none"> • <i>Flipped Classroom</i> e <i>Vocabulary Preview</i>: fomento da aprendizaxe independente e maior aproveitamento do tempo na clase. • Comprensión do vocabulario clave sobre a tecnoloxía. • Aplicación do vocabulario sobre a tecnoloxía. • Información de interese sobre o primeiro robot da historia. • <i>Critical Thinking</i>: fomento do pensamento crítico en relación co concepto de robot. <p>Vocabulary (páx. 26)</p> <ul style="list-style-type: none"> • <i>Focus! Collocations</i>: aprendizaxe de <i>collocations</i> con keep e save, e práctica a través de actividades. <p>Grammar (páxs. 24-25)</p> <ul style="list-style-type: none"> • <i>Flipped Classroom</i> e <i>Grammar Titor</i>: fomento da aprendizaxe independente, maior aproveitamento do tempo na clase e explicación visual das estruturas gramaticais. • Uso correcto do <i>Future Perfect Simple</i> e <i>Future Continuous</i>. • Referencia a <i>Grammar Lab</i>: práctica adicional da gramática aprendida. • Uso correcto da gramática que se viu ao longo da sección, a través de distintas actividades. • Información de interese sobre os globos de Google, para proporcionar internet a zonas rurais e remotas. • <i>Grammar in Listening</i> : comprensión oral de gravacións onde se utiliza a gramática da sección. • <i>Grammar in Speaking</i> : práctica oral da gramática da sección. • <i>Grammar Practice</i>: fomento da aprendizaxe independente e maior aproveitamento do tempo na clase. <p>Pronunciation (páx. 23)</p> <ul style="list-style-type: none"> • Pronuncia correcta dos sons /s/, /z/ e /ɪz/. • <i>Pronunciation Practice</i>: práctica adicional destes sons. <p>Vocabulary Review and Extension (páxs. 30-31)</p> <ul style="list-style-type: none"> • <i>Unit Vocabulary</i>: repaso do vocabulario estudado na unidade. 	1,2,3,4,5,6,7

	<ul style="list-style-type: none"> • <i>Extra: Words and Expressions</i>: ampliación do vocabulario da unidade. • Realización de varias actividades relacionadas co vocabulario da unidade. • Información de interese sobre o uso das aguias en Asia. • <i>Putting It Together</i>: repaso de todo o contido visto ao longo do libro. • <i>Exam Advantage</i>: claves e estratexias para a realización de exames. • <i>Wordlist and Activities, Vocabulary Practice, Wordapp</i>: fomento da aprendizaxe independente e maior aproveitamento do tempo na clase. <p>Life Skills Extra (páx. 32)</p> <ul style="list-style-type: none"> • <i>Making Plans</i>: vídeo ilustrativo sobre como uns amigos proxectan plans para a tarde. • Realización de varias actividades relacionadas cunha obra de teatro e as críticas que recibe. 	
--	--	--

1ª AVALIACIÓN	UNIDADE 3	
	DECEMBRO	12 SESIÓNS
BLOQUE	CONTIDO	MATERIAL DE REFERENCIA
B1.1 - B1.2	<p>Listening (páx. 35)</p> <ul style="list-style-type: none"> • Tratar de adiviñar os resultados de catro países no informe PISA. • Audición dunha conversación informal entre dous profesores que falan sobre os resultados do informe PISA. <p>Listening (páx. 40)</p> <ul style="list-style-type: none"> • Reflexión sobre o que pode resultar difícil en distintas situacións presentadas. • Audición de varias persoas falando sobre o colexio. • <i>Exam Advantage</i>: claves e estratexias para a realización de exames. 	1,2,3,4,5,6,7

<p>B2.1</p>	<p>Speaking (páx. 35)</p> <ul style="list-style-type: none"> • <i>Useful Language</i>: uso de expresións útiles á hora de mostrar acordo ou desacordo. • Mostrar acordo ou desacordo coas afirmacións de alumnos/as de diferentes países, utilizando as expresións do cadro <i>Useful Language</i>. <p>Speaking (páx. 41)</p> <ul style="list-style-type: none"> • Lectura de opinións de alumnos sobre a educación que inclúen expresións útiles para formular opinións. • Debate sobre diferentes modos de aprendizaxe. • <i>Exam Advantage</i>: claves e estratexias para a realización de exames. • <i>Extra Speaking Practice</i>: actividades para reforzar o aprendido na sección. 	<p>1,2,3,4,5,6,7</p>
<p>B3.1</p>	<p>Reading (páxs. 36-37)</p> <ul style="list-style-type: none"> • <i>Understanding Genre</i>: información introdutoria sobre a información que contén unha biografía. • <i>Exam Advantage</i>: claves e estratexias para a realización de exames. • Lectura dun artigo biográfico sobre a doutora Tererai Trent e realización de varias actividades para demostrar a súa comprensión. • <i>Vocabulary Preview</i>: fomento da aprendizaxe independente e maior aproveitamento do tempo na clase. • <i>Words from the Text</i>: procura de sinónimos no artigo biográfico e realización de varias actividades relacionadas co texto. • <i>Focus! Phrasal Verbs</i>: aprendizaxe da diferenza entre un verbo e un <i>phrasal verb</i>, e práctica de <i>phrasal verbs</i> a través de actividades. • Referencia á <i>Phrasal Verbs List</i>: lista de <i>phrasal verbs</i> que aparecen ao longo do libro. • <i>Critical Thinking</i>: reflexionar sobre como Tererai podería converterse nun exemplo para o alumno/a. • <i>Techno Task</i>: crear unha caixa de soños, como a de Tererai, deseñando un calendario interactivo, facendo un vídeo ou creando un póster dixital. 	<p>1,2,3,4,5,6,7</p>

	<ul style="list-style-type: none"> • <i>IC Schools for Africa</i>: vídeo sobre a actividade da organización Schools for Africa. 	
B4.1-B4.4	<p>Writing (páxs. 42-43)</p> <ul style="list-style-type: none"> • <i>Understanding Genre</i>: información introdutoria sobre a crónica dun acontecemento. • <i>Working with a Model</i>: lectura dunha crónica dun festival de teatro escolar e realización de varias actividades relacionadas con ela. • <i>Word Order</i>: información sobre a orde da frase en inglés e realización de varias actividades relacionadas. • Referencia a <i>Exam Advantage: Writing Guide</i>: ampliación das técnicas de escritura aprendidas. • <i>Prepare for the Task</i>: lectura dun taboleiro escolar de anuncios para escoller en cal participaría o alumno/a. • <i>Task</i>: redacción dunha crónica sobre un acontecemento escolar. 	1,2,3,4,5,6,7
B5.1 - B 5.9	<p>Vocabulary (páx. 34)</p> <ul style="list-style-type: none"> • <i>Flipped Classroom</i> e <i>Vocabulary Preview</i>: fomento da aprendizaxe independente e maior aproveitamento do tempo na clase. • Comprensión do vocabulario clave sobre a educación. • Aplicación do vocabulario sobre a educación. • Infografía con información de interese sobre a educación en distintos países. • <i>Critical Thinking</i>: fomento do pensamento crítico en relación coa información da infografía e o colexio do alumno/a. <p>Vocabulary (páx. 40)</p> <ul style="list-style-type: none"> • <i>Focus! Adjectives Suffixes</i>: aprendizaxe dos sufixos -al, -able, -ous, -ic e -ive para formar adxectivos e práctica a través de actividades. • Referencia a <i>Grammar Appendix</i>: ampliación da gramática aprendida. • Cita de interese pronunciada polo psicólogo B. F. Skinner. <p>Grammar (páxs. 38-39)</p> <ul style="list-style-type: none"> • <i>Flipped Classroom</i> e <i>Grammar Tutor</i>: fomento da 	1,2,3,4,5,6,7

	<p>aprendizaxe independente, maior aproveitamento do tempo na clase e explicación visual das estruturas gramaticais.</p> <ul style="list-style-type: none"> • Uso correcto das oracións de relativo especificativas e explicativas. • Referencia a <i>Grammar Lab</i>: práctica adicional da gramática aprendida. • Uso correcto da gramática que se viu ao longo da sección, a través de distintas actividades. • Citas de interese pronunciadas polo profesor Rajesh Kumar Sharma. • <i>Grammar in Listening</i> : comprensión oral de gravacións onde se utiliza a gramática da sección. • <i>Grammar in Speaking</i> : práctica oral da gramática da sección. • <i>Grammar Practice</i>: fomento da aprendizaxe independente e maior aproveitamento do tempo na clase. <p>Pronunciation (páx. 37)</p> <ul style="list-style-type: none"> • Pronuncia correcta dos sons /ʌ/, /ɒ/ e /əʊ/. • <i>Pronunciation Practice</i>: práctica adicional destes sons. <p>Vocabulary Review and Extension (páxs. 44-45)</p> <ul style="list-style-type: none"> • <i>Unit Vocabulary</i>: repaso do vocabulario estudado na unidade. • <i>Extra: Words and Expressions</i>: ampliación do vocabulario da unidade. • Realización de varias actividades relacionadas co vocabulario da unidade. • <i>Putting It Together</i>: repaso de todo o contido visto ao longo do libro. • <i>Exam Advantage</i>: claves e estratexias para a realización de exames. • <i>Wordlist and Activities, Vocabulary Practice, Wordapp</i>: fomento da aprendizaxe independente e maior aproveitamento do tempo na clase. <p>Life Skills Extra (páx. 46)</p> <ul style="list-style-type: none"> • <i>My Interview</i>: vídeo ilustrativo sobre como facer unha 	
--	---	--

Os alumnos deben reflexionar sobre o funcionamento da lingua e memorizar as normas de uso da gramática e o vocabulario. A tradución de textos é o medio para aprender a lingua estranxeira e a meta en sí mesma.

Aínda que este enfoque se centra exclusivamente na linguaxe escrita e nos aspectos formais da lingua, deixando de lado os aspectos máis comunicativos do idioma, unha certa reflexión sobre o funcionamento da lingua meta e a memorización de vocabulario é necesaria por parte dos estudantes, pois permitiralles contar con recursos que ampliarán e mellorarán a súa capacidade comunicativa.

- **Audiolingual Method**

Tomando como base as teorías conductistas, este método propón a aprendizaxe da lingua estranxeira a través da repetición e a práctica mecánica de estruturas lingüísticas, co propósito de automatizalas. As regras gramaticais son inferidas, aprendidas de maneira intuitiva. O enfoque é fundamentalmente oral.

Aínda que non se pode centrar a metodoloxía na repetición exclusivamente, caendo na monotonía, pois o propósito é motivar aos alumnos e que eles se desenvolvan en situacións comunicativas, certo grao de repetición de estruturas pode axudar a internalizar a lingua estranxeira e ás veces a intuición das normas gramaticais pode dar lugar a aprendizaxe significativa.

- **Enfoque comunicativo**

O coñecemento dos aspectos gramaticais da lingua queda en segundo plano, pois segundo este enfoque, o importante é participar en situacións comunicativas nas que se usan as catro destrezas para cumprir propósitos comunicativos reais. A

comunicación é un proceso que se leva a cabo cun propósito concreto, cuns interlocutores concretos, nunha situación concreta; as aulas de inglés como lingua estranxeira deben reproducir eses elementos e facer que os alumnos poidan desenvolver o coñecemento da lingua a través de situación comunicativas.

O enfoque comunicativo non debe faltar no ensino da lingua estranxeira; é máis, debe de ser un dos enfoques principais: o inglés debe de ser un vehículo de comunicación na clase e non só o obxecto de estudo. Así, nas clases de inglés os alumnos non só memorizarán normas e vocabulario, senón que empregarán os seus coñecementos para negociar o significado en situacións comunicativas en parellas, grupos pequenos, gran grupo, etc.

- **Task-based approach (aprendizaxe por tarefas ou proxectos)**

Dentro do enfoque comunicativo, a aprendizaxe por tarefas consiste no uso de tarefas específicas como unidade de planificación do ensino da lingua estranxeira. O propósito é promover a aprendizaxe do idioma estranxeiro a través de actividades que resulten significativas para os estudantes. Así pois, a tarefa deixa de lado o ensino formal da lingua, creando un método máis natural que da lugar a situacións comunicativas. A aprendizaxe da lingua estranxeira incorpora contidos doutras materias e campos do saber, xeralmente a través de tarefas ou proxectos de investigación.

- **Whole language teaching (ensino integral da lingua)**

Un dos principios fundamentais deste enfoque metodolóxico é que a lingua estranxeira non se estude en partes específicas para logo comprender o todo, senón que se proceda do todo ás partes, por exemplo, empezando por textos completos para logo proceder ao estudo das partes.

Dentro do enfoque ecléctico que queremos aplicar na nosa metodoloxía, o repertorio de papeis que o profesor debe desempeñar é diverso: analizar as necesidades dos estudantes, crear situacións comunicativas, organizar actividades, asesorar aos alumnos, participar como un compañeiro máis, observar en silencio o desenvolvemento das tarefas, fomentar a cooperación entre os alumnos, etc.

Debido ás características especiais do segundo curso de bacharelato, enfocado á realización de estudos superiores e á realización dunha proba de acceso á universidade, o profesor adaptará a súa metodoloxía co obxectivo de preparar aos estudantes para superar a devandita proba con éxito, centrándose nas habilidades e contidos que se necesitan para que así sea.

Finalmente, o ensino da lingua estranxeira debe de estar orientado en todo momento a desenvolver as no alumno as capacidades que conduzan a **Educación Permanente (Lifelong Learning)**, de maneira que a aprendizaxe da lingua estranxeira non remate coa educación académica, senón que se desenvolva en outras areas da vida dos alumnos e se prolongue ao longo do tempo. Deste xeito, o ensino da lingua estranxeira deberá proporcionarlles aos estudantes as técnicas, estratexias e habilidades necesarias para poder aprender a lingua estranxeira pola súa conta, en entornos que non sexan puramente académicos, e ao longo das súas vidas. Tentaremos que os alumnos se responsabilicen da súa propia aprendizaxe e se sintan en control do proceso, emocionándose coa idea de que ese proceso de mellora pode estenderse ao longo da vida e que está nas súas mans.

i. Materiais e recursos didácticos

O libro de texto que se empregará en segundo da BACH será

KEY to BACHILLERATO 2 STUDENT'S BOOK. EDI. OXFORD UNIVERSITY PRESS

Ademais, utilizaremos materiais similares as que terán que facer nas probas ABAU, así como materiais audiovisuais de natureza diversa e propiciaremos na medida en que sexa posible o uso das TIC e os recursos que internet ofrece: blogs, dicionarios online, wikis, chats, webquests, etc.

Tamén incluiremos material de reforzo das transformacións tanto de gramática como de vocabulario

6. Indicadores de logro para avaliar o proceso de ensino e a práctica docente

O proceso de ensino-aprendizaxe é dinámico e participativo. Como docentes temos que dispor de instrumentos que nos permitan ir calibrando e reaxustando as nosas debilidades e fortalezas e aqueles aspectos que o necesiten, un control permanente da calidade co fin de mellorar o proceso. Para avalialo cómpre realizar unha recollida sistemática de información. Para iso describiremos unha listaxe de indicadores de logro que nos permitiran observar o avance do proceso, o cumprimento da programación e a práctica docente e ademais. Cómpre salientar que este traballo de reflexión sobre o proceso de ensino e a práctica docente permitiranos:

- Diagnosticar os puntos fortes e débiles. Coñecer o punto de partida do alumno, facilitando a adaptación do currículo e a toma de decisións respecto á organización da programación).
- Regular a aprendizaxe dos alumnos, a metodoloxía, o nivel de esixencia, a cantidade de contidos... en función do desenvolvemento acadado polo alumno.
- Prever ou estimar os rendementos e desempeños dos alumnos.
- Reconducir os distintos elementos da formación en función do progreso do alummno.

- Atender ás esixencias da Administración no seguimento e control da práctica docente.
- Introducir propostas de mellora.

Como instrumento para avaliar o proceso de ensino-aprendizaxe temos unha escala de valoración descritiva de carácter trimestral:

O PROCESO DE ENSIANZA- APRENDIZAXE		
INDICADORES DE LOGRO	VALORACIÓN	PROPOSTAS DE MELLORA
1. Realízase a avaliación inicial ao principio do curso para axustar a programación ao nivel dos estudantes.		
2. Detéctanse os coñecementos previos de cada unidade didáctica.		
3. Révisanse, con frecuencia, os traballos propostos na aula e fóra dela.		
4. Proporciónase a información necesaria sobre a resolución das tarefas e como poder melloralas.		
5. Corríxense e explícanse de forma habitual os traballos e as actividades dos alumnos e das alumnas, e danse pautas para a mellora das súas aprendizaxes.		
6. Utilízanse suficientes criterios de avaliación que atendan de xeito equilibrado a avaliación dos diferentes contidos.		
7. Favorécense os procesos de autoavaliación e coavaliación.		
8. Propóñense novas actividades que faciliten a adquisición de obxectivos cando estes non foron alcanzados suficientemente.		
9. Propóñéñense novas actividades de maior nivel cando os obxectivos foron alcanzados con suficiencia.		
10. Utilízanse diferentes técnicas de avaliación en función dos contidos, do nivel dos estudantes, etc.		
11. Empréganse diferentes medios para informar dos resultados aos estudantes e aos pais.		

Tamén podiamos complementar a análise con este instrumento: unha escala numérica:

O PROCESO DE ENSIANZA- APRENDIZAXE				
INDICADORES DE LOGRO	Escala			
	1	2	3	4
1. O nivel de dificultade foi adecuado ás características do alumnado.				
2. Conseguiuse crear un conflito cognitivo que favoreceu a aprendizaxe.				
3. Conseguiuse motivar para lograr a actividade intelectual e física do alumnado.				

4. Conseguiuse a participación activa de todo o alumnado.				
5. Contouse co apoio e coa implicación das familias no traballo do alumnado.				
6. Mantívose un contacto periódico coa familia por parte do profesorado.				
7. Adoptáronse as medidas curriculares adecuadas para atender ao alumnado con NEAE.				
8. Adoptáronse as medidas organizativas adecuadas para atender ao alumnado con NEAE.				
9. Atendeuse adecuadamente á diversidade do alumnado.				
10. Usáronse distintos instrumentos de avaliación.				
11. Dáse un peso real á observación do traballo na aula.				
12. Valorouse adecuadamente o traballo colaborativo do alumnado dentro do grupo.				

Esta escala pode servirnos para coñecer como docentes a diversidade da aula antes do comezo das clases.

ESCALA PARA AVALIAR A DIVERSIDADE									
1 = nunca; 2 = ás veces; 3 = normalmente; 4 = sempre				1	2	3	4		
1	Que fago para coñecer a composición da clase								
	Pasar unha proba ao comezo do curso escolar.								
	Ler os informes anteriores.								
	Ver os resultados da avaliación.								
	Facilítama o Xefe ou a Xefa de Estudos.								
	Facilítanma nas reunións de grupo.								
	Consúltoa directamente no Xade								
2	Teño ou teñen en conta a diversidade á hora de organizar a clase, de crear os grupos, etc..								
3	A miña programación ten en conta a diversidade: LGTBI,								
4	Dou a cada alumno e alumna a explicación que precisa								
	No grupo grande								
	No grupo pequeno								
	De forma individual								
5	Propoño exercicios de diferente nivel en cada unidade e cada exame								
6	Teño en conta aos alumnos e alumnas que se afastan da media dos resultados (tanto por arriba como por abaixo)								
Observacións que considero importantes:									
Propostas concretas e individualizadas									

7. Avaliación inicial

Nas primeiras semanas do curso realizarase unha proba ou unha observación sistemática na aula para a avaliación inicial, co obxectivo de verificar o nivel co que chega o alumnado a cada curso, para saber cal é a situación media da aula e para detectar posibles necesidades de reforzo, apoio ou outras medidas.

O profesor deberá coñecer o punto de partida e os coñecementos previos dos estudantes, así como o seu dominio das destrezas e os seus puntos fortes e débiles.

As probas de avaliación inicial en ningún momento influirán na nota dos alumnos, tan só serán un indicador do nivel do que se parte e propiciarán a reflexión e a individualización do proceso de aprendizaxe.

A avaliación inicial deberá servir, entre outras cousas, para detectar cales das catro destrezas lingüísticas básicas (entender, falar, ler e escribir) son as máis deficitarias e darlles prioridades no desenvolvemento do currículo.

8. Materia de inglés pendente de cursos anteriores da ESO

O alumnado de ESO que teña a materia de Inglés pendente de ano/s anterior/es, serán responsabilidade do profesorado do curso no que se atope matriculado no curso actual. Será polo tanto dito profesorado o que se encargue de facer o seguimento do seu traballo dirixido a aprobar a materia pendente ao longo do curso.

O alumnado de 2º, 3º e 4º de ESO que teñan a materia pendente, poderán aprobar dita materia se aproban a 1ª e a 2ª avaliación do curso no que estean matriculados. A cualificación final será a da nota acadada na 2ª avaliación.

Pero para lograr que o alumnado poda chegar en condicións de aprobala na a 2ª avaliación, e a efectos de avaliar os seus progreso, e seguindo as directrices xerais marcadas pola dirección do centro, antes terá que ir realizando distintas tarefas relacionadas coa materia pendente que deberán ser entregadas nas datas marcadas polo profesorado encargado.

O alumnado que non chegue a superar a materia na 1ª ou 2ª avaliación do curso e que non teña manifestado interese polo programa de reforzo, terá que presentarse aos exames oficiais marcados pola xefatura de estudos. Así mesmo terá que seguir realizando exercicios que lle axuden a superar dita proba.

A valoración desta **proba escrita terá unha puntuación de 9 puntos**, ós que haberá que sumar **1 punto pola realización e entrega das tarefas mencionadas nas datas fixadas**. De tódolos xeitos, o profesorado podería ter en conta outras circunstancias concretas para avaliar ao alumnado ,tendo en conta a atención a diversidade.

Os compoñentes do Departamento proporán estas probas, fixarán as valoracións das mesmas e corrixiranas. Serán examinados dos contidos mínimos esixidos no curso anterior .

Así mesmo, unha vez finalizada cada unha das sesións de avaliación, o alumnado e os pais/nais ou persoas titoras legais serán informados dos seus resultados, da evolución académica así como das decisións adoptadas para o reforzo e/ou recuperación, se fose o caso

9. EXAMES E DATAS DE PENDENTES

A xefatura de estudos fixará as datas destas probas que terán lugar antes ou despois da 1ª e 2ª avaliación respectivamente e unha proba final antes da avaliación final do curso

Os alumnos e alumnas terán dous exames ao longo do curso nos que se fará unha división da materia. Se superaran os dous exames, terían aprobada a materia

No caso de que estes alumnos ou alumnas non superaran ditas probas, terán un exame final no mes de maio

10. ALUMNADO DE 2º DE BACHARELATO COA MATERIA DE 1º PENDENTE

O alumnado de Bacharelato que teña a materia de Inglés pendente do ano anterior, serán responsabilidade do profesor do curso no que se atopen matriculados actualmente. Será polo tanto dito profesor o que se encargue de facer un seguimento do seu traballo dirixido a aprobar a materia pendente ao longo do curso.

Os alumnos de 2º de Bacharelato coa materia de 1º pendente poderán aprobar dita materia se aproban a 1ª e 2ª avaliación do curso no que estean matriculados. A cualificación será a da nota da 2ª avaliación. Pero para lograr que o alumnado poda chegar en condicións de aprobala na 2ª avaliación, e a efectos de avaliar os seus progresos, e seguindo as directrices xerais marcadas pola dirección do centro, antes terá que ir realizando distintas tarefas relacionadas coa materia pendente que deberán ser entregadas nas datas marcadas polo profesorado encargado.

O alumnado que non chegue a superar a materia na 1ª ou 2ª avaliación do curso e que non teña manifestado interese polo programa de reforzo, terá que presentaranse aos

exames oficiais marcados pola xefatura de estudos. Así mesmo terá que seguir realizando exercicios que lle axuden a superar dita proba. A valoración desta proba escrita terá unha puntuación de 9 puntos, ós que haberá que sumar 1 punto pola realización e entrega das tarefas mencionadas nas datas fixadas. De tódolos xeitos, o profesorado podería ter en conta outras circunstancias concretas para avaliar ao alumnado ,tendo en conta a atención a diversidade.

Os compoñentes do Departamento proporán estas probas, fixarán as valoracións das mesmas e corrixiranas. Serán examinados dos contidos mínimos esixidos no curso anterior .

Así mesmo, unha vez finalizada cada unha das sesións de avaliación, o alumnado e os pais/nais ou persoas titoras legais serán informados dos seus resultados, da evolución académica así como das decisións adoptadas para o reforzo e/ou recuperación, se fose o caso

11. EXAMES E DATAS DE PENDENTES

A xefatura de estudos fixará as datas destas probas que terán lugar antes ou despois da 1ª e 2ª avaliación respectivamente e unha proba final antes da avaliación final do curso

Os alumnos e alumnas terán dous exames ao longo do curso nos que se fará unha división da materia. Se superaran os dous exames, terían aprobada a materia

No caso de que estes alumnos ou alumnas non superaran ditas probas, terán un exame final no mes de abril.

LIBROS DE TEXTO 2020-21:

ESO: Grupos BIL: New English in Use

ESO: GRUPOS NBL: Way to English

1º BACH: Advantage Bachillerato 1

1º ESO	Unidades 1,2,3,4,5,6
2º ESO	Unidades 1,2,3,4,5,6
3º ESO	Unidades 1,2,3,4,5,6
1º BACHARELATO	Unidades 1,2,3,4,5,6

As probas faranse seguindo os mesmos criterios que as dos exames extraordinarios

9. Medidas de atención á diversidade

É importante lembrar que a mesma acción educativa exercida sobre o mesmo grupo de alumnos/as ten efectos diferentes en función do coñecemento e experiencia previa de cada un deles, as súas capacidades intelectuais e os seus intereses e motivacións no ensino.

É por esta razón que, en moitos casos, debemos **modificar ou adaptar** contidos ou a **metodoloxía** para que todo o alumnado poida alcanzar os obxectivos establecidos. Do mesmo xeito, debemos ofrecer actividades de extensión para aqueles/as alumnos/as máis capaces ou receptivos. A atención á diversidade debe ser sempre realizada en ambas direccións. Así, deberanse abordar estas diferenzas, presentando actividades alternativas propostas no libro do alumnado e no caderno. Os profesores poderán escoller a quen dirixir e propoñer algunhas actividades ou outras e deberán ser consciente en todo momento destas diferenzas, non só a hora de avaliar, senón tamén a hora de ensinar e planificar o proceso de ensino-aprendizaxe.

A avaliación inicial e formativa empregaranse como instrumentos para identificar as necesidades do alumnado e o profesor de cada grupo ofrecerá **actividades de reforzo e extensión** que permitan dar una atención individualizada ao alumnado segundo as súas necesidades e ritmo de aprendizaxe.

A planificación da atención á diversidade débese centrar tamén en mellorar de xeito significativo o rendemento escolar, as actitudes perante as áreas de coñecemento, os hábitos de estudo (condicións ambientais, planificación, utilización de materiais, asimilación de contidos), a motivación ante o estudo, as aptitudes escolares e o coñecemento do seu nivel académico, social, emocional e familiar. Polo tanto, cando abordamos a atención á diversidade é tamén moi importante traballar a competencia de **aprender a aprender** para que o alumnado desenvolva as habilidades necesarias para poder alcanzar os obxectivos do curso de forma autónoma e que o seu proceso de aprendizaxe sexa o adecuado, tanto no presente coma de cara o futuro. Para tal fin, o profesorado de lingua estranxeira fomentará a adquisición das estratexias necesarias a través do desenvolvemento do traballo na aula (clasificación de vocabulario, actividades previas á comprensión oral, planificación e edición de textos orais e escritos, etc.)

a. Criterios e procedementos previstos para realizar as adaptacións curriculares apropiadas para o alumnado con necesidades educativas especiais

As adaptacións para aqueles alumnos con necesidades especiais realizaranse en colaboración co departamento de orientación e centraranse en:

- 1 -Tempo e ritmo de aprendizaxe
- 2 -Metodoloxía máis personalizada
- 3 -Reforzar as técnicas de aprendizaxe.
- 4 -Mellorar os procedementos, hábitos e actitudes.
- 5 -Aumentar a atención orientadora.
- 6 -Enriquecemento curricular.
- 7 -Avaliacións adaptadas ás necesidades destes alumnos.

Para o alumnado con altas capacidades intelectuais ou cun nivel por enriba do esixido no curso onde estea matriculado facilitaranse contidos e materiais de extensión adecuados as necesidades destes alumnos para permitir alcanzar o máximo do seu potencial.

Para o alumnado con integración tardía no sistema educativo adoptaranse as medidas de reforzo necesarias para facilitar a súa integración escolar e a recuperación do seu desfase para que lles permita continuar cos seus estudos con aproveitamento.

Para o alumnado con dificultades específicas de aprendizaxe e alumnado estranxeiro adoptaranse tanto medidas de escolarización como de atención. Para os alumnos con discapacidade, tomaranse medidas de adaptación curricular e alternativas metodolóxicas. Para os alumnos con dificultades de aprendizaxe graves, ademais do citado anteriormente, buscarase a súa integración social, ante a imposibilidade de alcanzar un progreso suficiente nos contidos conceptuais. Hai que insistir nos contidos instrumentais ou en materiais considerados como tales.

Para o alumnado repetidor : Prestarase unha atención especial ao alumnado, proporcionando toda a axuda que requira e material de reforzo na materia.

b. Concreción

Posto que cada un ten diferentes formas e estilos de aprender e de desenvolver as competencias básicas, o ensino da lingua estranxeira debe de intentar responder á gran diversidade das aulas.

Dentro da heteroxeneidade das aulas, un aspecto clave para acadar unha boa atención á diversidade é o enfoque ecléctico de ensino de linguas estranxeiras que queremos dar á nosa metodoloxía, empregando distintas técnicas e métodos para axeitalas o máximo posible ás necesidades reais do estudante.

Ademais, proporemos tarefas de reforzo cando algún alumno/alumnos/grupo precise máis traballo para a consecución dos estándares de aprendizaxe e as competencias clave.

Así mesmo, proporemos tarefas de ampliación para que os alumnos poidan mellorar os seus coñecementos lingüísticos e culturais.

A diversidade de exercicios e actividades utilizados no material do curso fai posible que todos os alumnos atopen algún que se adapte ao seu estilo de aprendizaxe, grazas as diferentes posibilidades de acceder a un mesmo contido.

Así, nos libros de texto empregados, as unidades de repaso do Student's Book proporcionan unha variedade de actividades de reforzo, como tamén o fai o Workbook. Cabe destacar neste sentido a importancia do Teacher's Resource Book, que contén actividades de repaso de nivel mais básico, así como actividades de ampliación dos contidos vistos. Ademáis, a Guía Didáctica axuda o profesor a responder as diferenzas da aula, proporcionándolle actividades de ampliación para alumnos que terminan antes o seu traballo, e permitindo que cada un traballe de acordo ao seu ritmo e nivel lingüístico. Proporemos tamén actividades deliberadamente sinxelas que garantan que

todos os alumnos poidan realizar algunha actividade con éxito, o cal contribuirá a aumentar a confianza dos alumnos con ritmos de aprendizaxe máis lentos.

Aparte do libro de texto, o departamento empregará material fotocopiado de natureza diversa (recursos online, gramáticas, textos de selectividade, etc).

Para todos aqueles alumnos que así o precisen, o Departamento de Inglés elaborará as correspondentes adaptacións curriculares seguindo as directrices marcadas polo Departamento de Orientación.

Para un correcto diagnóstico da diversidade e para poder atender as distintas necesidades de forma correcta, servímonos de distintos recursos como as seguintes ferramentas para o tratamento da diversidade:

c. Rúbrica para avaliar o tratamento de diversidade individual

ALUMN@		GRUPO	
TRATAMENTO DA DIVERSIDADE INDIVIDUAL		MEDIDAS PARA A DIVERSIDADE	GRAO DE CONSECUCIÓN
DIVERSIDADE NA COMPRENSIÓN	Non ten ningunha dificultade para entender os contidos.	Seleccionar contidos cun grao maior de dificultade	
	Entende os contidos, pero, en ocasións, resúltanlle difíciles.	Seleccionar os contidos significativos de acordo á súa realidade.	
	Ten dificultades para entender os contidos que se presentan	Seleccionar os contidos mínimos e expoñelos simplificando a linguaxe e a información gráfica.	
DIVERSIDADE DE CAPACITACIÓN E DESENVOLVEMENTO	Non ten dificultades (alumnos de altas capacidades).	Potenciar estas a través de actividades que lles permitan poñer en xogo as súas capacidades.	
	Ten pequenas dificultades.	Propoñer tarefas nas que a dificultade sexa progresiva de acordo ás capacidades que se vaian adquirindo.	
	Ten dificultades.	Seleccionar aquelas tarefas de acordo ás capacidades do alumnado, que permitan alcanzar os contidos mínimos	

ALUMN@		GRUPO	
TRATAMIENTO DA DIVERSIDADE INDIVIDUAL		MEDIDAS PARA A DIVERSIDADE	GRAO DE CONSECUCIÓN
		esixidos.	
DIVERSIDADE DE INTERESE E MOTIVACIÓN	Mostra un grande interese e motivación.	Seguir potenciando esta motivación e interese.	
	O seu interese e motivación non destacan.	Fomentar o interese e a motivación con actividades e tarefas variadas.	
	Non ten interese nin motivación.	Fomentar o interese e a motivación con actividades e tarefas máis procedementais e próximas á súa realidade.	
RESOLUCIÓN DE PROBLEMAS	Encontra solucións aos problemas que se presentan en todas as situacións.	Seguir fomentando esta capacidade.	
	Encontra solucións aos problemas que se presentan nalgúnhas situacións.	Propoñer problemas cada vez con maior grao de dificultade.	
	Ten dificultades para resolver problemas nas situacións que se presentan.	Propoñer problemas de acordo ás súas capacidades para ir desenvolvéndoas	
DIVERSIDADE NA COMUNICACIÓN	Exprésase de forma oral e escrita con claridade e corrección.	Propoñer tarefas que sigan perfeccionando a expresión oral e a escrita.	
	Ten algunha dificultade para expresarse de forma oral e escrita.	Propoñer algunhas tarefas e debates nos que o alumnado teña que utilizar expresión oral e escrita co fin de melloralas.	
	Ten dificultades para expresarse de forma oral e escrita.	Propoñer actividades co nivel necesario para que o alumnado adquira as ferramentas necesarias que lle permitan mellorar.	

d. Rúbrica para avaliar o tratamento da diversidade no grupo

TRATAMIENTO DA DIVERSIDADE NO GRUPO		MEDIDAS PARA A DIVERSIDADE	GRAO DE CONSECUCIÓN
DE COMUNICACIÓN	A comunicación profesor-grupo non presenta grandes dificultades.	Non se necesitan medidas.	
	A comunicación profesor-grupo ten algunhas dificultades.	Propoñer estratexias para mellorar a comunicación.	
	A comunicación profesor-grupo ten grandes dificultades.	Descubrir a causa das dificultades e propoñer	

TRATAMIENTO DA DIVERSIDADE NO GRUPO		MEDIDAS PARA A DIVERSIDADE	GRAO DE CONSECUCIÓN
		medidas que as minimicen.	
DE INTERESE E MOTIVACIÓN	O grupo está motivado e ten grande interese.	Non se necesitan medidas.	
	Parte do alumnado está desmotivado e ten pouco interese.	Propoñer estratexias que melloren o interese e a motivación desa parte do alumnado.	
	O grupo non ten interese e está pouco motivado.	Descubrir a causa da desmotivación e propoñer medidas que as minimicen.	
DE ACTITUDE E COLABORACIÓN	O grupo ten boa actitude e sempre está disposto a realizar as tarefas.	Non se necesitan medidas.	
	Parte do alumnado ten boa actitude e colabora.	Propoñer actividades de grupo nas que asuma responsabilidades o alumnado menos motivado.	
	O grupo ten mala actitude e non colabora nas tarefas.	Descubrir as causas do problema e adoptar medidas, estratexias, etc. para minimizar esas actitudes.	

10. Auxiliar de conversa

Contaremos cunha auxiliar de conversa durante o presente curso que estará acompañada polo/a docente da materia de inglés ou profesorado CLIL, tendo prioritariamente unha función de apoio das destrezas comunicativas, especialmente a expresión e a comprensión oral. Ademais, transmitirá coñecementos de cultura e civilización, motivando ós estudantes.

Priorizamos a presenza da auxiliar de conversa nos cursos da ESO. Estimamos oportuno poñer unha sesión por semana para cada grupo da ESO e servirá de apoio ó profesorado CLIL

11. Tratamento transversal da educación en valores

O ensino da lingua inglesa servirá de medio para o desenvolvemento de valores que melloren a sociedade e as vidas dos alumnos.

A nivel social, daremos especial importancia aos dereitos humanos, a igualdade entre homes e mulleres, á prevención da violencia de xénero, á solidariedade, á tolerancia e á xustiza.

A nivel individual, intentaremos desenvolver nos alumnos o sentido da responsabilidade e o esforzo, a iniciativa persoal e o espírito emprendedor, sentido crítico, hixiene e alimentación axeitada, importancia das actividades físicas, educación vial, coidado do medio ambiente, etc.

O departamento de inglés intentará tamén participar en todas aquelas actividades escolares que fomenten o desenvolvemento en valores (marchas cidadás a favor de causas solidarias, recollida de alimentos e roupa, etc.)

Ademais dos valores transmitidos en temas de distinta natureza a través dos textos orais e escritos das actividades e dos xogos na aula, algunhas datas idóneas para motivar a reflexión e o traballo sobre os temas transversais pode ser a seguinte:

- 26 de setembro: Día europeo das linguas.
- 16 de outubro: Día mundial da alimentación
- 17 de outubro: Día mundial da erradicación da pobreza
- 20 de novembro: Día dos dereitos do neno e da nena
- 1 de decembro: Día mundial da SIDA
- 3 de decembro: Día internacional das persoas con minusvalías
- 6 de decembro: Día da constitución española
- 10 de decembro: Día dos dereitos humanos
- 30 de xaneiro: Día escolar da non-violencia e da paz
- 8 de marzo: Día internacional da muller
- 15 de marzo: Día internacional do consumidor
- 21 de marzo: Día internacional para a eliminación da discriminación racial
- 22 de marzo: Día mundial da auga
- 7 de abril: Día mundial da saúde
- 9 de maio: Día de Europa
- 31 de maio: Día mundial sen tabaco
- 5 de xuño: Día mundial do medio ambiente

12. Contribución ao proxecto lector

Dende o departamento animarase aos estudantes a realizar lecturas adaptadas aos seus niveis na primeira lingua estranxeira. O profesor do grupo, en función das necesidades e o tratamento da diversidade na aula, poderá seleccionar libros de lectura e realizar traballos e exercicios de repaso ou lectura colectiva escoitando o CD que acompaña ao libro.

Así mesmo, o profesor realizará probas orais ou escritas para comprobar se os estudantes leron o libro ou libros correspondentes a cada curso.

Unha vez que o profesor determine/acorde cos seus alumnos os títulos dos libros que poderán ler nese curso, porallo en coñecemento ao equipo da biblioteca, para intentar ter varios exemplares a disposición do alumnado.

Organizaranse clubs de lectura en lingua inglesa tal é como se ven facendo nos últimos anos.

13. ACCIÓNS CONCRETAS PARA A CONTRIBUCIÓN AO PROXECTO LECTOR DO CENTRO

O Departamento de Inglés, en consonancia co espírito do centro reflexado no Proxecto Lector, suxerirá un determinado grupo de libros acordes cos diferentes estados de aprendizaxe propios de cada nivel. Ditas lecturas avaliaranse en termos académicos, de acordo co disposto no apartado de Cualificación desta programación para os distintos cursos.

Os alumnos lerán libros graduados en inglés. O obxectivo é que esta lectura sexa individual e autónoma e se realice fóra da aula, aínda que o profesor proporcionará na clase toda a axuda que o alumno, individualmente ou a clase en xeral, necesite para resolver as dificultades e cuestións puntuais con respecto a comprensión. Tamén animará ao alumno a que realice as actividades que propón o propio libro de lectura, aínda que isto non será de carácter obrigatorio.

Como vimos facendo nos últimos anos proporase ampliar os fondos da biblioteca con

exemplares dos libros obrigatorios. As lecturas son escollidas polos profesor responsables de cada curso.

Organizaranse clubs de lectura en lingua inglesa con reunións fóra do horario escolar, tal é como se ven facendo nos últimos anos

14. Contribución ao plan TIC

Obxectivos:	<ul style="list-style-type: none"> ▪ Favorecer a aprendizaxe da lingua estranxeira. ▪ Adquirir habilidades tecnolóxicas e comunicativas. ▪ Facilitar o acceso á información en soporte dixital. ▪ Investigar e contrastar información. ▪ Facer un uso axeitado de Internet e das redes sociais. ▪ Uso de redes sociais, correo electrónico, mensaxes, etc. ▪ Crear documentos en formato dixital. ▪ Descargar e compartir recursos. ▪ Outros.
Recursos:	<ul style="list-style-type: none"> ▪ Conexión a Internet ▪ Sala de informática ▪ Pizarras dixitais ▪ Ordenadores portátiles
Programas Aplicacións:	<ul style="list-style-type: none"> ▪ Páxinas web ▪ Wikis ▪ Procesadores de texto ▪ Ebooks ▪ Blogs ▪ <i>Skype</i> ▪ <i>Google sites</i> ▪ Redes sociais ▪ Outros

Dende o departamento intentaremos fomentar na medida do posible o uso das novas tecnoloxías na aula e animar aos alumnos a empregalas fóra dela para mellorar os seus coñecementos da lingua e a cultura anglófona.

Así pois, o departamento recomendará aos alumnos o emprego de power points ou distintas páxinas de para os traballos do curso, actividades online e distintas páxinas web e dicionarios online, que resultan de gran utilidade para a aprendizaxe do inglés:

<http://www.bbc.co.uk/learningenglish>

<https://learnenglish.britishcouncil.org/es>

<http://learnenglishteens.britishcouncil.org/>

<http://www.wordreference.com/es/>

<http://www.esl-lab.com/>

Os alumnos poderán empregar e participar **en blogs** para a aprendizaxe dirixida da lingua estranxeira que se irán creando ao longo do curso.

Utilizaremos, na medida en que as instalacións informáticas e os medios técnicos nolo permitan, a aula de informática e a pizarra dixital nos cursos de 1º e 2º 3º e 4º da ESO, así como no 1º e 2º de bacharelato.

Así mesmo empregaremos as **aulas virtuais** para unha mellor colaboración entre profesorado e alumnado.

15. Accións de contribución ao plan de convivencia

Co propósito de contribuír ao plan de convivencia, o departamento de inglés levará a cabo as seguintes accións:

- Cumplir e facer cumprir as normas de convivencia do centro.
- Fomentar un clima positivo de convivencia e respecto, tanto no centro como na aula.
- Informar ás familias daqueles aspectos que interfiran co plan de convivencia do centro, explicándolles o motivo de incumprimento das normas e as medidas levadas a cabo para contribuír a súa mellora.
- Fomentar a convivencia democrática e a resolución pacífica de conflitos.

16. Actividades complementarias e extraescolares

Debido a situación actual e sen coñecer a evolución na retirada de restriccións non podemos determinar que actividades levaremos a cabo pero de producirse un cambio manteremos as tradicionais, tales como:

1. Halloween e Samain nos grupos de 1º e 2º e 3º da ESO

En *Halloween* organizaremos un concurso de tiras de comic de terror, no que poderán participar os alumnos e alumnas do centro que así o desexen.

2. O Intercambio co Uckfield College estaba previsto que continuara o pasado curso pero esperaremos a evolución do COVID-19 antes de retomar este ou un novo proxecto.
3. Participación no Club de lectura en inglés: " My first book in English"
4. Participación no proxecto Biblioteca: S.XXI
5. Actividade de "penpals" con compañeiros europeos/americanos coordinados pola profesora auxiliar de conversa.
6. Saídas educativas/ culturais na cidade/comunidade/.
7. Viaxe de estudos a un país de lingua inglesa Londres(UK), Dublin (Irlanda) de mellorar a situación de pandemia en Europa.

17. Procedementos de avaliación da programación

Non só os alumnos deben de ser obxecto de avaliación, senón tamén a programación do departamento e a propia práctica docente.

A programación didáctica do departamento será un obxecto de reflexión ao longo do curso. Nas reunións do departamento faremos unha revisión periódica do cumprimento da programación. Así mesmo, deixaremos constancia dos cambios que consideremos que a programación requira de cara ao seguinte curso académico nas memorias do departamento co propósito de terlas en conta en futuras programacións.

Farase un rexistro de todos estes cambios no libro de actas do departamento e o alumnado será informado en todo momento de calquera modificación.

A nivel individual, cada profesor do departamento avaliará a propia práctica docente mediante a reflexión e o contacto directo cos seus alumnos e alumnas. De consideralo oportuno, o profesor poderá proporcionarlle cuestionarios aos alumnos para un posterior análise encamiñado á mellora da metodoloxía e do proceso de ensino-aprendizaxe.

A continuación presentamos un modelo de rúbrica para a avaliación anual da programación:

INDICADORES: A PROGRAMACIÓN...	1	2	3	4	MEDIDAS PARA A SÚA MELLORA
1. é consensuada e sometida a acordo					
2. contempla os recursos didácticos e humanos dispoñibles					
3. amosa equilibrio entre os distintos elementos (obxectivos, contidos, procedementos, instrumentos, atención a diversidade, etc.)					
4. axuda a desenvolver os principios metodolóxicos					
5. prevé as canles de colaboración e comunicación entre os compoñentes da comunidade comunicativa.					
6. atense ao proxecto educativo do centro e contempla e facilita o desenvolvemento dos elementos comúns					
7. responde ás necesidades plantexadas na práctica de cursos anteriores					
8. permite e fomenta a autonomía do profesorado dentro dos causes establecidos					

VALORACIÓN:

VALORACIÓN: puntúase numericamente ente 1 e 4, sendo...

1. Nunca, non, insatisfactoriamente.
2. Ás veces, puntualmente.
3. Case sempre, frecuentemente
4. Sempre, si, satisfactoriamente.

18. Normas específicas relativas a metodoloxías na aula e programacións (Protocolo COVID)

Metodoloxía de traballo no caso de ensino a distancia

No caso de que sexa necesario continuar co ensino a distancia por mor dun abrocho causado pola covid-19, continuaremos coa impartición da materia no curso creado para tales efectos na aula virtual do instituto, a través da plataforma E-DIXGAL, do material interactivo facilitado polas editoriais e blogs de aula, posibilidade de videoconferencias e presentacións. A aula virtual, correo electrónico e plataforma abalar serán os medios de contacto co alumnado e familias para asignar tarefas e resolver dúbidas.

En canto a metodoloxía específica de traballo, na aula virtual porase o plan de traballo. Ademais, para cada unidade didáctica haberá vídeos ou presentación dixitais explicando o bloque de contidos que sexan obxecto de estudo xunto con tarefas específicas para a práctica destes contidos. A súa vez, aseguraremos a continuación do plan de traballo proposto nesta programación mediante a realización das tarefas do libro de texto, a súa versión interactiva no caso da editorial Burlington, que coñecerán dende o comezo do curso. Esta versión permite ao alumnado facer estas tarefas, proporcionándolles as solucións e ao mesmo tempo permítelle á/ao profesor/ora ter un seguimento das mesmas para poder facer as correccións ou aclaracións oportunas. O seguimento para os alumnos de 2 Bach será a través da aula virtual, enderezos electrónicos do profesorado e blogs de aula.

No caso de que todo un trimestre ou a meriande parte do mesmo teña que facerse a distancia a cualificación do 10% correspondente ao diario de clase será substituído pola realización das tarefas na aula virtual e no libro dixital.

Modo de proveer o dereito á educación ao alumnado que non poida seguir a ensinanza telemática.

Pode darse o caso de alumnado que non dispoña de ordenador ou unha conexión a internet suficiente para seguir o curso de xeito telemático. Neste suposto, porémonos en contacto con eles por correo electrónico ou teléfono si non dispuxeran de correo electrónico para enviarlles o plan de traballo. Polo que observamos durante o período de confinamento no pasado curso escolar, practicamente todo o alumnado ten un móbil, seu ou dos seus proxenitores ou titores, con datos. Isto permitiríanos, en último caso, enviarlles unha mensaxe ou whatsapp aclarando dúbidas ou con explicacións escritas, faladas ou vídeos. Este alumnado faría o mesmo traballo que o resto pero no seu cuaderno seguindo as explicacións do libro de texto e outras que se lle poidan enviar por teléfono ou ao correo electrónico.

Mecanismos que o profesorado adoptará para asegurar o seguimento continuo do curso polo alumnado.

Para o seguimento continuo do curso, as profesoras empregarán a observación diaria na clase rexistrando a activade dos alumnos nos seus cadernos. Cando esta observación non sexa posible por estar gardando cuarentena ou confinados por mor dun abrocho, o seguimento se fará igualmente co envío de tarefas na aula virtual, a revisión do traballo do alumnado na versión dixital do libro de texto e as mensaxes escritas ou chamadas telefónicas ao alumnado que non dispoña de medios para seguir a actividade a distancia.